

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2009/01

**CARACTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 19 de xaneiro de 2009

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **19 de xaneiro de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**Polo Grupo do P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina

D. José Duarte Díaz

Dona Begoña Sanjurjo Santar

D. Jesús López Penabad

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas

D. Ramón López Pérez

Dona Maria José Rodriguez Arca.

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D. Francisco Rivas Álvarez

Agustín Reymondez Gancedo.

**Secretario:**

D. Manuel Díaz Sánchez.

**Interventora:**

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez (incorpórase unha vez iniciada a sesión).

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

#### **2009/01/01.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 17 DE NOVIEMBRE DE 2008.-**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

#### **2009/02/02.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NUMERO 235 DE 3 DE NOVIEMBRE DE 2008 Á NUMERO 284 DE 19 DE DICIEMBRE DE 2008.**

Interven o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que formula unha serie de preguntas respecto a diversas resolucións.

En primeiro lugar polo Sr.Rivas Alvarez se pregunta sobre dous Decretos de pago, os correspondentes ao informe da Auditoria de Praia de As Catedrais, ICTE, por importe de 1.189 euros e outro informe sobre a praia de Os Castros – Illas de 1.407 euros, e pregunta para que se fixo ese estudio ou esa certificación.

Responde o Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que debe ser para a Q de calidade, que pode ser para iso.

Asimesmo polo Sr.Rivas Alvarez se pregunta tamén por un Decreto relativo á auditoria do sistema de xestión medioambiental, de 3.572 euros, e pregunta se é o mesmo ou non , respostándose polo Sr.Cupeiro Rodríguez que é un requerimento do sistema do “Emas” e que hai unha auditoría externa e outra interna.

Pregúntase asimesmo por parte do Sr.Rivas Alvarez, respecto a dous decretos da representación teatral de “Dame veleno” de 1.975 euros e outro da “bombilla máxica” de 2.088 euros e pregunta se se fixeron dúas obras de teatro neste bimestre.

Contesta a Sra.Alvarez Lastra, como Concelleira Delegada de Cultura, que fixeronse mais, pero supón que as compañías emiten facturas en diferentes datas, e que se fai a programación cultural de xeito habitual.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre un Decreto de pago a droguería SANAL de desratización de outubro, por importe de 304 euros, e pregunta se veñen todos os meses a facelo.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado se contesta que sí, que xa veñen dende fai anos e que se paga sobre 300 euros ao mes.

Pasa seguidamente a interesarse o Sr.Rivas Alvarez, por un reparo de Intervención relativo ás nóminas do persoal municipal correspondente ao mes de novembro, e que xa vai en alomenos tres reparos e que quere ter acceso ao reparo porque todos se resolven cun Decreto da Alcaldía dicindo o mesmo, e reitera que quere ter acceso ao mesmo.

Por parte da Alcaldía se responde que non ten ningún problema, que o pida por escrito, e que se lle dará de xeito inmediato.

Asimesmo formula unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez, respecto a un pago a unha Academia da localidade, á denominada "Teorema", por impartición de clases de español para inmigrantes, de 8.228 euros, e quere saber cantas persoas foron.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que esa actividade entra dentro de Servizos Sociais dunha subvención para emigración, e non lle pode contestar agora porque non o sabe e ou lle contesta por escrito ou no seguinte Pleno.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, a súa vez se dí que quere que lle conteste por escrito porque no seguinte Pleno ao mellor se esquece; prosegue preguntando o Sr.Concelleiro respecto a unhas clases do mesmo centro para alumnos inmigrantes de 2.310 euros e outro de 8.228 euros de clases de apoio, para alumnos inmigrantes, e pide que se lle conteste no mesmo escrito, e que o agradece.

Manifesta tamén o Sr.Rivas Alvarez que lle chamou a atención e pide que se lle entregue un estudio efectuado sobre violencia de sexo, en Ribadeo, de 4.000 euros.

Por parte da Sra.Alvarez Lastra, como Concelleira delegada, se contesta que ese gasto responde a que foi seleccionado o Concello de Ribadeo para un proxecto de innovación e polo Servizo Galego de Igualdade, e se lles deu unha subvención de 7 ou 8 mil euros e tiveron que facer un estudio sufragado en parte polo Servizo Galego de Igualdade e se esixía no Convenio que se fixera ese apartado, facendo referencia a que está á súa disposición o Convenio e a documentación e que estaba todo estipulado co Servizo Galego de Igualdade.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte replica que so quere ver o estudio, e a Sra.Concelleira lle resposta que pode pedilo por escrito cando precise, e fai constar que tamén se fixo unha presentación pública.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez, pregunta por un Decreto de 2 de decembro de 2008 de prescripción de facturas de diversos anos, e pregunta se é que non se van pagar, se é que non estaban conformes ou que sucedeu.

Por parte do Sr.Alcalde se da a palabra á Sra.Interventora que manifesta que se trata dun expediente de facturas dunha empresa dende 1995, que foron presentadas con retraso de entre 5 , 6 ou 12 anos e entón se puxo en contacto coa empresa para dicirlle que legalmente estaban prescritas as facturas , polo prazo máximo de cinco anos, para a presentación de facturas no Concello, e que informou á empresa do sentido do seu informe e deu por válida a argumentación efectuada, e que nalgún caso o prazo era o dobre.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez en relación a un Decreto sobre o espectáculo de danza de “Vazquez Seoane Estefanía”, e á súa vez con soporte técnico da mesma persoa, importando 930 euros a actuación e 1.100 euros o soporte técnico.

A Sra.Concelleira delegada manifesta que ás veces as compañías poñen á súa disposición o soporte técnico e o inclúen no caché do espectáculo ou aparte; que as compañías de danza teñen unha especial característica posto que o auditorio municipal non está preparado, e teñen que poñer unhas infraestructuras coas que non contan e ou o ofrecen eles, ou se contrata externamente, pero soe sair mais barato porque xa non cobran os desprazamentos ao vir para o espectáculo.

Tamén por parte do Sr.Rivas Alvarez se pregunta sobre un Decreto de pagos a Ollomol Iniciativas Culturais de novembro de 2008 e de ximnasia de mantemento por importe de 1.675,30 euros e 1.997, 23 euros e pregunta se esta empresa se adica a facer actividades socioculturais e tamén ximnasia de mantemento e se o leva todo.

O Sr.Castro Reigosa, Concelleiro delegado de deportes, contesta que hai un contrato de mantemento con Ollomol para actividades socioculturais e deportivas de instalación, montaxe, etc. e por outro lado leva a ximnasia de mantemento no medio rural e que son facturas que van a distintas partidas e son por distinta índole.

Igualmente por parte do Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, se formula unha pregunta respecto a un pago á USC de actualización da RPT de 2.250 euros e outro pola presentación do primeiro borrador de 2.250 euros, e pregunta cantos vai a presentar, significando que é un total de 4.500 euros.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que non é un pago, e que é a aprobación da factura, pero que non está feito o pago. Deliberase sobre este asunto e polo Sr.Alcalde se fai referencia a que cre que o contrato era do importe de 9.000 euros aproximadamente.

A continuación o mesmo Sr.Rivas Alvarez pregunta respecto a unhas gastos de carpetas, sobres, placa de metracrilato núcleo de sostenibilidade, etc. e tamén de 1.185 euros a IDEART, Eo, outro a Plastic Omniun Systems, S.A., por subministro de 23 contenedores de 18.963 euros e a Herbronce de sinal de entrada de dous postes de 3.698 euros, e pregunta donde está colocado o panel.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, contesta que o núcleo de sostenibilidade era plurianual e cando lles concederon o núcleo, a data dende que se comunicou ata que hai que xustificar o gasto foi dun venres a un luns, e o que se fixo para non perde-la subvención foi solicitar as facturas e comprar iso para poder xustificar a subvención do ano 2008 e non perdela.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se repregunta se non está colocado e donde se vai colocar, contestando o Sr.Cupeiro Rodríguez que ten que colocarse na entrada e na saída do pobo e que é o que marca a norma.

Pregunta asimesmo sobre un pago a BEGASA que lle chamou a atención e que se refire ao subministro de enerxía eléctrica da Aula da Natureza que está pechada segundo parece, e que foi de 393 euros e non sabe se está pechada como se produce ese gasto.

O Sr.Cupeiro Rodríguez contesta que poden cortar a luz pero que non cree que sexa o mais axeitado se se vai reparar, o de cortar por seis meses ou polo tempo que leve, e voltar a instalalo.

O Sr.Rivas Alvarez volta preguntar respecto a ese pago de 393 euros e se é un consumo de luz e que senon non pode ser.

Por parte do Sr.Alcalde se lle contesta que se quere proceden a revisar por se hai algunha derivación desa luz , pero que non ven a cuestión deste mandato senon de moito atrás, e que se quere, se pode revisar e cortar.

O Sr.Rivas Alvarez sinala que lle parece un gasto que para non facer nada non se corresponde, e o Sr.Alcalde lle dí que a partir do luns manda revisar a ver se hai algunha derivación e en función deso cortan, e que está dende moito antes, de que o membro da Corporación no uso da palabra ( en relacion a sí mesmo) fose Alcalde ou Tenente de Alcalde.

O Sr.Rivas Alvarez, reitera que pregunta sobre ese asunto e o Sr.Alcalde lle dí que pase á seguinte, que está mais que contestada a cuestión.

Deliberase sobre este extremo entre o Sr.Alcalde e o Sr.Rivas Alvarez.

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez sobre un pago a "ADEGA" de 3.500 euros por charlas dun programa de divulgación da compostaxe e pregunta donde se deron estas charlas.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, contesta que é outra vez un pouco mais no tema do núcleo de sostenibilidade, e que dentro desta anualidade de 2.008 para poder xustificar o que se fixo, foi pagar antes de facer a charla, porque non deu tempo de facela e foi unica e exclusivamente para non perder a anualidade.

Pregunta a continuación o Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, que comeza a súa intervención manifestando que revisaron os Decretos e coincidiron con extremos dos manifestados polo Sr.Rivas Alvarez, pero que quere facer mención aos Decretos números 255, 258, 266, e 276 de autorización de gastos dos que xa falou antes o Sr.Rivas Alvarez e so quere preguntar se en todas estas autorizacións de gasto existe contrato con estas empresas.

O Sr.Alcalde contesta que non o pode precisar agora, pero que cre que coa USC si que o hai, e o Sr.Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda, dí que o hai coa USC para a RPT; o Sr.López Pérez , repregunta se o hai coas outras e o Sr.Alcalde lle contesta que depende da contía do contrato e que se son menores non fai falta; polo Sr.Castro Reigosa se contesta que con Ollomol hai contrato.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, volta a preguntar se hai proposta de gasto nalgún dos casos, e se se fixo unha proposta e se o gasto está autorizado por Intervención.

Por parte da Sra.Interventora se manifesta que, que lembre no caso das facturas de Ollomol que derivan de contrato non é necesario solicitar ningún tipo de informe, xa que existe unha fiscalización previa do contrato e no caso do Convenio coa USC que cre que é anterior á súa chegada, tampouco será necesario e nos restantes casos, segundo a Lei de Facendas Locais se supera os 3.000 euros debe existir unha fiscalización previa por Intervención, limitada ao órgano competente e a existencia de crédito, e non lembra que exista ningún tipo de informe respecto dises gastos.

O Sr.López Pérez, pola súa parte, pregunta se é habitual que non se efectúen.

Por parte da Sra. Interventora se manifesta que curiosamente nos pequenos gastos soe haber unha solicitude a través dun modelo formalizado, pero en ocasións, soe ocorrer que cando veñen subvencións, como é o caso das facturas de mais de 8.000 euros para gastos de inmigración o feito de estar presupostado e existir unha subvención habilita e realízase a actividade entendendo que está dentro do presuposto subvencionado sen existir unha autorización expresa para o mesmo.

Por parte do Sr.López Pérez, se pregunta se todo isto está dentro da legalidade e a Sra.Interventora contesta que propiamente deberá existir unha certificación de existencia de crédito, pero que non é unha ilegalidade.

O Sr.López Pérez pola súa parte dí que debería existir esa certificación.

Intervén a Sra.Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal Popular, que dí que fixeron unha revisión dos Decretos pero que se repetirían coas intervencións antecedentes.

Sen formularse mais cuestións dase por cumprimentado o trámite de dación de conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía – Presidencia epigrafiadas.

### **2009/03/03.- RATIFICACIÓN NOVO PROXECTO DA ARI PARA RINLO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 15 de xaneiro de 2009 que se transcribe de seguido:

“Por parte da Alcadia-Presidencia dase conta da existencia dunha proposta relativa a este asunto, no expediente, da convocatoria que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia visto que por acordo plenario de 14 de xullo de 2008 acordouse a aprobación dunha proposta da Alcaldía de petición dunha Area de Rehabilitación Integral para Rinlo – Ribadeo téndose aprobada a delimitación do ámbito e a solicitude de declaración así como acollerse ás axudas previstas, e que se achegou a documentación precisa de conformidade co disposto na Circular 4/07 de 4 de maio de 2007 sobre o procedemento para a declaración de Area de Rehabilitación Integral e tramitación dos expedientes de axudas, acompañándose Memoria-Programa en galego e castelán, solicitándose a aprobación da Declaración de Area de Rehabilitación Integral de Rinlo-Ribadeo e acollerse ás axudas previstas para Areas de Rehabilitación do R.D. 801/2005, de 1 de xullo e normativa autonómica que o desenvolve.

Visto que pola Dirección Xeral de Vivenda se requeriu para completar documentación e que se precisou a modificación do proxecto presentado, introducindo elementos que non foran aprobados polo Pleno, polo que compre que por este organo se adopte un novo acordo de ratificación da solicitude conforme á documentación modificada que se achega, facultando á Alcadia-Presidencia aos efectos procedentes.

En virtude do que antecede , é a vista da documentación aportada segundo o esixido pola Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, da Consellería de Vivenda e Solo

PROPONSE ao Pleno a adopción dun acordo de ratificación do novo proxecto de ARI de Rinlo , nos mesmos termos que o acordo adoptado con data 14 de xullo de 2008.”

Iníciase deliberación explicándose por parte da Alcadia que a Consellería xa suxeriu no escrito de 2 de outubro que se efectuara unha valoración por parte do Concello do acordo plenario de 14 de xullo de 2008 aos efectos de incluír a documentación requerida, polo que compre somete-lo asunto a ratificación do Pleno a tenor das modificacións introducidas no proxecto.

Por parte do Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se pregunta se o Concello terá que levar a cabo tamén actuacións, manifestándose afirmativamente por parte do Sr.Alcalde que sinala que terá que efectuarse igual que no casco antigo.

Asimesmo por parte do Sr.López Pérez do Grupo municipal socialista se pregunta polo punto do escrito da Consellería relativo á necesidade de indicación de a qué uso se destinarán cinco inmobles en estado de ruína, contestándose polo Sr.Alcalde que estará todo na Memoria.

Deliberase entre varios Concelleiros sobre o asunto e de seguido por unanimidade en votación ordinaria se acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía, nos propios termos da mesma, ratificando o novo proxecto de ARI para Rinlo. “

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º. A ratificación do novo proxecto de ARI de Rinlo, coas modificacións introducidas segundo o proposto pola Consellería de Vivenda e Solo.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para realización de cantos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **2009/04/04.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de urbanismo de 15 de xaneiro de 2009 favorable ao outorgamento das licenzas de primeira ocupación dos expedientes que se relacionarán seguidamente, de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidentencia, adoptándose por unanimidade, os acordos seguintes:

#### **1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA ANTONIA RODRIGUEZ MARTINEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN EN PLANTA BAIXA EN RINLO.**

Expediente nº 2006/10 tramitado a instancia de Dona Maria Antonia Rodriguez Martínez, DNI-NIF 33843597-V interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar en planta baixa construída en Campo de San Pedro, Rinlo (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 03.11.2001, expediente número 2001/231.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI,



xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA JOSEFA CUADRADO PRIETO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN A DEVESA.**

Expediente nº 2008/16 tramitado a instancia de Dona Maria Josefa Cuadrado Prieto, DNI-NIF 76546790F interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Devesa (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 4 de setembro de 2000, expediente número 2000/132.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

## **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ANTONIO PÉREZ LÓPEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN FOLGOSA-PIÑEIRA.**

Expediente nº 2008/21 tramitado a instancia de Don Antonio Pérez López, DNI-NIF 33320375-E interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en Folgosa-Piñeira (Ribadeo) ao abeiro da

licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 26 de decembro de 2005, expediente número 2005/237.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

#### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ LUIS CUADRADO RODRIGUEZ PARA VIVENDA FAMILIAR EN REINANTE, 10-2º.RIBADEO.**

Expediente nº 2008/24 tramitado a instancia de D.José Luis Cuadrado Rodríguez,DNI-NIF 13786472-L interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda reformada en Reinante núm. 10-2º (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 11 de xullo de 2007, expediente número 2007/99.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

## **5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ MARIA CSTELLANO ZAPATERO (GESTION DE TERRENOS Y SOLARES SANZ S.L.) PARA VIVENDA FAMILIAR EN REINANTE, 10-1º. RIBADEO.**

Expediente nº 2008/25 tramitado a instancia de Gestión de Terrenos y Solares Sanz S.L.CIF B84697978 interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda reformada en Reinante núm. 10-1º (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 11 de xullo de 2007, expediente número 2007/98.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

## **6. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARTA RODERO MARTINEZ PARA VIVENDA UNIFAMIIAR EN PR. CONCEPCIÓN ARENAL, RIBADEO.**

Expediente nº 2008/24 tramitado a instancia de Dona Marta Rodero Martínez, DNI-NIF 33506803-T interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda rehabilitada Praza de Concepción Arenal (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 31 de xullo de 2007, expediente número 2007/100.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xaneiro de 2009.

Visto que pola Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase o outorgamento da lidenza de primeira ocupación de referencia.

### **2009/05/05.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2007.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas que se transcribe de seguido:

“Dase conta á Comisión da Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2007 indicándose que na anterior sesión desta Comisión Informativa de data 13 de novembro de 2008 fora ditaminada favorablemente e de que exposta ao público polo período regulamentario non se formulou ningunha reclamación ou alegación á mesma.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG e do PSG-PSOE) e tres abstencions (dos membros dos Grupos PP e UPRI), acorda ditaminar favorablemente a Conta Xeral de 2007 elevandoa ao Pleno para a súa aprobación, e seguíndose a restante tramitación esixida pola normativa vixente, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción do acordo seguinte:

Visto que foi obxecto de ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas de data 13 de novembro de 2008 e sometida a exposición ao público mediante anuncio no BOP núm. 272 de 25 de novembro de 2008 tendo transcurrido o prazo sen que se formularan reclamacións, reparos ou observacións, propónse ao Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2007, formada pola Intervencion Municipal.

2º. Dar traslado da mesma ao Consello de Contas.”

Iniciábase deliberación e por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI se manifesta que forman parte da Corporación dende xuño de 2007 e non teñen elementos de xuízo e que polo tanto vanse abster.

O Sr.Rodriguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte manifesta que vai votar a favor xa que é un documento técnico pero que como prometu no pleno anterior vaille dar unha explicación ao Sr.Concelleiro delegado de Facenda porque cando se tratou de traer ao Pleno a Conta Xeral saiu nos medios de comunicación presumindo de que o remanente de tesourería

negativo se tiña diminuído de xeito importante como se se houbera dalgunha forma recuperado diñeiro e se se debían 600.000 euros agora se debían so 300.000, como que se houberen gañado 300.000, e non é así e quere que quede claro no pleno, e especialmente nesta sesión que hai moitos veciños; que consiste simplemente en que se había 600.000 euros de remanente negativo agora eso que eran 600.000 euros son 300.000 euros mais, e non se diminúe en 300.000 euros respecto de antes senon que hai unhas contas cunhos importantes negativos, é dicir, que non se recuperou diñeiro.

O Sr.Castro Reigosa Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, dí ao Sr.Rodríguez Andina que non lle entende a explicación que lle da, e que polo que lle da a entender é que é de 900.000 euros negativo o remanente, polo que lle está dicindo.

O Sr.Rodríguez Andina, lle contesta que o que lle trata de dicir é que se había 600.000 euros a súa xestión non consistiu en gañar 300.000 para que haxa menos 300.000 que era o que parecía aparentemente o asunto, e pregunta ao Sr.Castro Reigosa se agora se explica mellor, ao que éste resposta que o que dixo era que se melloraba a situación, non dixo que se resolvera, nin fora unha panacea que resolvía o problema económico do Concello; dixo que melloraban a situación, non moito, pero que se melloraba.

O Sr.Rodríguez Andina conclúe a súa intervención manifestando que vai votar a favor porque é un documento puramente técnico.

De seguido por once votos a favor ( dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo de UPRI), acórdase:

1º. A aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2007, formada pola Intervencion Municipal.

2º. Dar traslado da mesma ao Consello de Contas.”

### **2009/06/06.-ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZAS FISCAIS DE TAXAS E IMPOSTOS PARA 2009.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 15 de xaneiro de 2009 que se transcribe de seguido:

“Dada conta de que efectuada a exposición pública do acordo plenario de 17 de novembro de 2008 de aprobación inicial da modificación das Ordenanzas reguladoras dos impostos, taxas e prezos públicos do Concello para o exercicio 2009 mediante anuncio no BOP de Lugo núm. 274 de 27 de novembro de 2008 e transcurrido o prazo formulouse unha única alegación por parte de dona Teresa Rodríguez Ruiz en nome e representación da Asociación A Atalaia,

fronte ao referido acordo, que foi informada desfavorablemente por parte de Secretaría e Intervención desta Entidade.

Iníciase unha breve deliberación procedéndose á lectura da alegación formulada e en síntese dos informes emitidos.

Tras da mesma, pola Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e coa abstención do membro do Grupo Municipal de UPRI, acórdase ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A desestimación da única alegación formulada de conformidade cos informes obrantes no expediente de Secretaría e Intervención que se engadirán como motivación do acto de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º. A elevación a definitivo do acordo plenario de 17 de novembro de 2008 nos seus propios termos efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos e trámites sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, se manifesta que quere comentar que a Ordenanza T19 da Praza de Abastos, considera que era conveniente que se deixase pendente para que non houboese mais atrasos administrativos, por se hai que facer algunha modificación, e que é unha cousa que quere poñer sobre a mesa.

Deliberase á vista da proposta do Sr.Rivas Alvarez sobre o carácter da mesma e a súa eventual votación.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta ao Sr.Rivas Alvarez que está equivocado e que as Ordenanzas son para cumprir mentres que existen, e cando non, se derrogan e se aproban outras, pero non se suspenden porque sí, e non ten sentido o que dí o Sr.Rivas e que o dí para que conste.

O Sr.Rivas Alvarez dí que conste.

Por Secretaría se manifesta que se se quere ter en consideración a proposta do Sr.Rivas Alvarez como unha enmenda “in voce” compre que se efectúe primeiro a votación da mesma e despois a do ditame da Comisión.

Pasada a votación a proposta do Sr.Rivas Alvarez, de deixar sobre a mesa a aprobación da Ordenanza T19, obtén dous votos a favor e once en contra.

Pasada a continuación a votación a elevación do ditame da Comisión a acordo corporativo, polo Pleno municipal, por once votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG,PP e PSOE) e dous en contra (dos membros do Grupo municipal de UPR), acórdase:

1º. A desestimación da única alegación formulada de conformidade cos informes obrantes no expediente de Secretaría e Intervención que se engadirán como motivación do acto de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º. A elevación a definitivo do acordo plenario de 17 de novembro de 2008 nos seus propios termos efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos e trámites sexan necesarios para o bo fín dos acordos adoptados.

#### **2009/07/07.- ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE REXIME INTERIOR DO HOSPITAL.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 15 de xaneiro de 2009 que se transcribe de seguido:

“Dase conta de que tras da aprobación inicial con data 17 de novembro de 2008 do regulamento epigrafiado, durante a exposición pública do mesmo (BOP num.274 de 27 de novembro de 2008) formularonse dentro do prazo ó efecto 3 alegacións por parte de dona Teresa Rodríguez Ruiz en representación da Asociación A Atalaia, don Antonio Gregorio Montes en representación da Asociación O Tesón e dona Esther Ares Chao, en representación da Asociación de Amas de Casa, sendo informadas por parte de Secretaría, de Intervención e do Traballador Social do Concello, informándose desfavorablemente agás no relativo aos extremos que constan no expediente relativos a maior definición do horario e reserva de praza.

Asimesmo dase conta de que aos efectos dunha garantía do pago da débeda propónse polos servizos municipais a ampliación dentro do contrato de prestación de servizos da cláusula 3ª coa proposta que se engade á mesma.

Iníciase deliberación informándose por Secretaría en síntese do contido dos informes deste órgano e da Intervención no que se refire ás alegacións formuladas tanto illadamente como no que atinxe ao conxunto das mesmas como cuestión de fondo relativa á unha posible inviabilidade económica e de xestión do Hospital Asilo de non levarse a cabo as modificacións previstas no Regulamento que se leva a aprobación plenaria. Faise asimesmo referencia a que unha gran parte das cuestións que se sinalan nas alegacións se atopan contempladas en normativa de rango superior, de carácter autonómico, que é de aplicación obrigatoria e que asimesmo existe unha inspección exhaustiva

por parte da Comunidade Autónoma sobre o funcionamento deste tipo de Centros.

Intervén tamén o Traballador Social que procede a explicar diferentes extremos da xestión do Hospital Asilo e do Regulamento proposto, explicando que o custo debería ser mais elevado, e facendo referencia aos cambios que vai verse obrigado a afrontar o Hospital Asilo.

Intervén asimismo o Concelleiro do PSG-PSOE don Ramón López Pérez que manifesta que leu os informes e que recollen algunha das modificacións propostas e formula unha pregunta sobre as parellas de feito.

Por Secretaria contéstase que o réxime segundo a reforma do código civil de Galicia e a normativa autonómica de desenvolvemento ten as mesmas consecuencias xurídico-civís que o matrimonio.

Toda vez que polo sr.López Pérez se pregunta sobre se os matrimonios ou parellas de feito teñen habitacións dobres no hospital asilo polo traballador social se contesta afirmativamente.

Deliberase a continuación sobre as situacións das persoas que non teñen herdeiros nin familia, preguntándose tamén polo sr.López Pérez sobre a situación das persoas que teñen pensións asistenciais e como se vai resolver cuestións básicas como a da roupa ou gastos non cubertos pola seguridade social. Por parte do Traballador social se explica que dispoñen da posibilidade de axudas de emerxencia social e pon exemplos de casos como o de adquisición de roupa, gastos de dentista, etc. facendo referencia á RISGA.

Deliberase brevemente sobre se se precisa que figure ou non no Regulamento unha referencia a este aspecto que se considera preciso polo Sr.López Pérez considerando que é o momento adecuado.

O Sr.López Pérez pide que conste en acta a preocupación do seu Grupo por esta cuestión.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pregunta por quén vai se-lo responsable da débeda , dándoselle conta da redacción que se propón da cláusula 3ª do contrato recollendo un réxime como o que existe na Comunidade Autónoma de Asturias. Tamén se refire o Sr.Rivas Alvarez a que están co mesmo número do Rexistro de Asociacións e se lle responde que é un erro material, xa que son números distintos.

Manifesta o Sr.Rivas Alvarez que o seu Grupo se reserva para o Pleno.

O Sr.Duarte Diaz, do Grupo Municipal Popular, efectúa unha intervención manifestando que comprende a necesidade da regulación proposta.

Formula tamén unha pregunta sobre quen vai ser o responsable da contratación do persoal que presta servizos no Asilo contestándose polo traballador social que será a Congregación como o efectúa na actualidade.

Prosegue a deliberación sobre diversos aspectos do Regulamento e de seguido por dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG) e 5 abstencións (dos membros dos restantes Grupo municipais), acórdase



ditaminar para a súa aprobación polo Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A desestimación das alegacións formuladas, agás no informado favorablemente e xa recollido no texto proposto, de conformidade cos informes obrantes no expediente de Secretaría, Traballador Social e Intervención que se engadirán como motivación do acto de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º. A elevación a definitivo do acordo plenario de 17 de novembro de 2008 nos seus propios termos efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos e trámites sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr.Alcalde se procede a efectuar unha sucinta explicación resumindo a tramitación efectuada e as alegacións formuladas e o informe polos servizos municipais, coa estimación parcial dalgunhas alegacións e desestimación de gran parte delas.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI manifesta que xa se abstiveron cando a aprobación inicial e que están, nembargantes, de acordo en que teña o Hospital Asilo un Regulamento xa que consideran que é unha función mui importante para Ribadeo, pero que non estaban de acordo coa ordenanza en todos os aspectos que regula, e vanse abster.

O Sr.López Pérez, do Grupo municipal socialista, manifesta que o seu Grupo vai votar a favor, e que como consta no ditame da Comisión se lles contestou satisfactoriamente a todas as preguntas, sobre todo tendo en conta que se preocupaban pola situación das persoas mais necesitadas e que está recollido na acta e que se dan por satisfeitos.

Por parte do Grupo Municipal Popular, a Sra.Sanjurjo Santar manifesta que xa na primeira Comisión o seu Grupo propuxo que se incorporara ese aspecto sobre que o prezo non fora superior ao 90 % da pensión con cargo a ésta, para que lles quedara algo no peto aos residentes, e que na seguinte Comisión o Sr.López Pérez preocupouse pola xente necesitada, pero que a falta de roupa ou de servizos básicos é igual para o resto dos cidadáns; que o Grupo do PP tamén se preocupa, pero son consideracións que teñen que estar por enriba do Regulamento do Hospital Asilo e que a falta de roupa ou de servizos médicos teñen que estar solucionados para todos os ribadenses, e conclúe a súa intervención sinalando que o Grupo Popular tamén vai votar a favor.

Por parte do Sr.Alcalde conclúese o debate manifestando que o seu Grupo vai votar a favor e que con este Regulamento se remata unha situación de alegalidade, que o Hospital Asilo sempre estivo rexido por congregacións

relixiosas, e que o Concello está detrás do Hospital Asilo e que pode esta institución e os residentes, recibiren axudas derivadas da Lei de dependencia, e que se trata de que a fenda que viña existindo non o faga inviable. E que o Hospital Asilo, con este Regulamento, que agarda que sexa bo para Ribadeo, e que poida haber unhas mínimas, aínda que non vai resolver toda a problemática, pero que vai colaborar e que hai que ir modificando as Ordenanzas para adaptalas aos tempos, e que agradece a intención de voto manifestada polos Sres. Concelleiros incluída as abstencións anunciadas.

De seguido por once votos a favor (dos membros dos Grupos municipais de BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo municipal de UPRI), acórdase:

1º. A desestimación das alegacións formuladas, agás no informado favorablemente e xa recollido no texto proposto, de conformidade cos informes obrantes no expediente de Secretaría, Traballador Social e Intervención que se engadirán como motivación do acto de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º. A elevación a definitivo do acordo plenario de 17 de novembro de 2008 nos seus propios termos efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos e trámites sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

### **2009/08/08.-MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS PP, PSOE E UPRI SOBRE O PLAN SECTORIAL GALEGO DO SOLO RESIDENCIAL EN RIBADEO.-**

Dase conta da Moción suscrita polos tres grupos municipais que se transcribe literalmente:

“Los portavoces de los Grupos Políticos: PP (Partido Popular), PsdeG-PSOE (Partido Socialista) y UPRI (Unión do Pobo Ribadense), presentan conjuntamente para la consideración del Pleno de la Corporación la siguiente MOCION.

#### **Antecedentes:**

El Diario Oficial de Galicia del día 24 de octubre publicó el anuncio relativo al Plan Sectorial Galego do Solo Residencial, que incluye al Ayuntamiento de Ribadeo y que afecta a una superficie de 30.027 m en el casco histórico de la Villa.

A pesar de la enorme superficie afectada la información facilitada fue muy escasa e incompleta (siendo nula al resto de Grupos de la Corporación que firmamos la presente moción); un sencillo tríptico por un lado y una reunión en

la Casa del Mar convocada el día 12 de diciembre para el día 17, cuando el anuncio inicial fue publicado el 24 de octubre, como queda dicho. Los objetivos que aparecen en el referido tríptico no dejan de ser una serie de ambigüedades y, realmente, no existen claramente expuestas las determinaciones previstas para la actuación. No es pues extraña la oposición general que el aludido Plan Sectorial está a producir no sólo en Ribadeo, sino en otras muchas villas de Galicia.

**Solicitamos:**

Al Pleno de la Corporación adopte el siguiente acuerdo:

El Ayuntamiento de Ribadeo rechaza el presente “Plan Sectorial Galego do Solo Residencial en Ribadeo”.

2.-Que por parte de la Alcaldía se convoque a la Junta de Portavoces, de forma urgente, para en su caso, estudiar una alternativa que suponga el logro de los objetivos generales (Construcción de VPO, en lo que los grupos firmantes estamos de acuerdo) y preserve el interés general sin afectar a intereses particulares.

3.- Que, en cualquier caso, la resolución sea consensuada por todos los Grupos Políticos que conforman la Corporación.

4.- Que el Ayuntamiento, en todo caso, tenga la facultad de participar en el desarrollo concreto del Plan.”

Iniciase deliberación intervindo o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular que fai referencia a unha reunión celebrada pola mañá cos representantes dos Grupos municipais de PSOE , UPRI e PP donde entenderon que correspondía ao Sr.Concelleiro no uso da palabra como portavoz do Partido maioritario na oposición que efectuara a defensa da Moción, detalle que lles quere agradecer, pero que vai romper o morbo do Pleno porque se a vai defender xa se sabe o que vai votar o Partido Popular, e que xa polo tanto hai menos preocupación, e primeiro o PP defenderá a Moción e a postura conxunta de todos os Grupos e despois se algo botan en falta o dirán os demais, e logo cada Grupo explicará o seu punto de vista sobre a actuación do goberno municipal, ou dos outros Grupos que aquí están.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que a Moción rexeita este Plan sectorial de solo residencial de Ribadeo, este Plan, e así se sinala literal e textualmente na Moción, e se solicita unha sesión da Xunta de portavoces, e que se consensúe unha proposta, e amosa un apoio decidido a vivendas de protección oficial que lles parecen imprescindibles e por último reclama ao IGVS que en todo caso conte co Concello de Ribadeo cando se trate de desenvolver outro Plan sectorial distinto deste.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que os tres grupos apoian a Moción por tres aspectos comúns.

Que en primeiro lugar as explicacións dadas pola Consellería implican un maltrato dos propietarios, que cren que incluso pode interpretarse que poderían chegar á expropiación e en calquera caso plantexan no tríptico que se entrega aos propietarios un prezo de compra absolutamente ridículo.

Que en segundo lugar pretendese actuar nunha zona do casco histórico donde aos propietarios se lles prohibiu de xeito reiterado non so construír novas vivendas, senon incrementa-lo volume das existentes e incluso se lles chegou a poñer dificultades as cores das fachadas, e agora aparece o IGVS e pretende desenvolver un proxecto de urbanización nun sitio donde non se deixaba aos propietarios, e a Consellería o pretende facer.

En terceiro lugar que chama poderosamente a atención que incluso se fale de construcións de bloque , que se se explica algo mais, se poderá entender pero supón que non ten nada que ver co Partido da Conselleira, senon que sexan de formigón, e a xente pensa mais ben na Avda. de Galicia, de Asturias ou na rúa Rosalía de Castro, e iso no medio do casco histórico parece un absoluto disparate.

Manifesta que estes argumentos son os correspondentes aos puntos conxuntos dos Grupos.

No que atinxe á posición do Partido Popular considera que probablemente houbo problemas de comunicación do proxecto sectorial e que o que acaba de expoñer é posible que non fora a vontade dos que estaban regulando este Plan sectorial , e que probablemente a realidade do que se pretendía non fora iso e que é posible, e que tamén é certo que probablemente o Plan ten algunha parte positiva, que non lle dan atopado, pero o certo é que a Consellería coa súa actuación o que non deu foi ningunha facilidade para que ninguén a día de hoxe poida estar a gusto con que lle planten un Plan sectorial no seu terreo e que polo tanto esa é a sensación existente entre propietarios e non propietarios, e iso provoca un rexeitamento , e por iso teñen que facerse eco dese rexeitamento.

Prosegue manifestando tamén o Sr.Rodríguez Andina que dito isto, e quedando clara a postura respecto da Moción, e eliminando calquera dúbida tamén, ten que incluír neste das dúbidas algún dos afectados, que nalgunha sesión pública se referiu a que non era moito de fiar o Grupo Popular, cando o seu Grupo é redactor ou co-redactor da Moción, e a posición estaba clara.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular que considera que o goberno municipal actuou de forma errática e errónea, pouco transparente , pouco flexible, e iso deu lugar á situación vivida na última temporada con tensión entre os veciños, situacións desagradables e ao remate coa presentación desta Moción, que de terse actuado doutro xeito probablemente se houbera podido evitar, e despois de todo isto salvo que a Consellería diga outra cousa, non hai Plan sectorial, e haberá que buscar outro

que puido terse buscado dende o principio e tiñan que ter contado co resto dos Grupos, e tiña que ter mais claridade na exposición aos veciños, tiñan que ter sabido rectificar antes e eliminar a crispación e ter tido cintura política e levar o tema con menor cerrazón, e ser mais dialogantes e teñen que entender que son 4 de 13, e para poder gobernar e levar adiante temas, e sobre todo temas da trascendencia deste, teñen que contar cos demais e aprendelo e aínda teñen dous anos por diante.

Sinala tamén o Sr.Rodríguez Andina que tamén ten que dicir algo , que agarda que hoxe non lles falen moito de pacto, e que xa están acostumbrados pero teñen que falar tamén dos seus compañeiros dos Grupos de oposición, porque entenden que non lles van á zaga en canto á cerrazón, que o Alcalde convocoulles a unha Xunta de portavoces cumprindo algo que pedían , por adiantado, antes do Pleno, pero convocoulles, e se pregunta porqué non dialogaron, e en vez de facer o que fixo o seu Grupo, que foi antes da sesión, e para que esa sesión da Xunta de Portavoces se celebrase esixir que se lles garantizase que a Moción ía ir ao Pleno, e se o garantizaban se quedaban e senon non, e llo garantizou e quedaron para dialogar e pregunta aos restantes Grupos da Oposición porque se van en vez de dialogar e porqué no buscan solucións xa dende ese día , xa que perderon moito tempo.

Sinala asimesmo o Sr.Rodríguez Andina que o Alcalde tamén é certo, que tarde, mal e a rastro, logra unha reunión co Director Xeral do IGVS, no fondo porque non lle quedaba mais remedio que tratar de saír do atasco pero (se pregunta o Sr.Concelleiro intervinte) porque non ir e dialogar, e porque non ir buscando xa solucións; que ten que recordarlle ao PSOE que cando gobernaba en Ribadeo o Concelleiro no uso da palabra e o PSOE gobernaba en Madrid xa estaba daquela tratando de resolver o tema do Xulgado, e o Grupo do PP sabendo quen gobernaba en Madrid invitou ao Portavoz do PSOE daquela a acompañar ao Alcalde a unha entrevista para resolver o asunto do Xulgado, a unha entrevista coa que é actual Vicepresidenta do Goberno e foron porque iso era o responsable, axudar e colaborar e que se pregunta porque agora non, e porque lles critican que vaian á reunión co IGVS se o que se trata é de que haxa outro Plan e o mais pronto posible, porque non se trata de que non haxa este Plan sectorial que pisou callos de xeito innecesario, pero é preciso que haxa vivendas de protección oficial; que lles criticarán e non so os outros Grupos da Oposición, xa que lles acompaña algún medio de comunicación que lles da bombo, e indica qué lle van a facer.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que de non ter actuado os outros Grupos da oposición así, no Pleno actual ademais de aprobar a Moción e cargarse este Plan sectorial, do que ninguén dubida, porque, ademais na sesión de Santiago á que asistiu o Concelleiro no uso da palabra e na que expuxo o punto de vista da oposición o Director Xeral do IGVS , do que poñía a Moción, de ahí saiu o compromiso do IGVS de que se propuxera outra alternativa polo Concello, e se de alí saíra iso e tiveran feito as reunións que tiñan que facer ao mellor o Pleno de hoxe, ademais de cargarse o Plan sectorial poderían estar xa propoñendo unha nova ubicación para ese Plan

Sectorial, pero como se pecharon, e non quixeron ir, nin discutir, así están, e van a cargarse o Plan e agora teñen que comezar a reunirse para ver que alternativas hai ao mesmo.

Insiste o Sr.Rodríguez Andina en que o seu voto vai ser favorable á Moción, como non podía ser doutra maneira, como autores e partícipes da mesma.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI, que manifesta que polo menos como escribintes da Moción e redactores ou co\_redactores da mesma, nalgúns aspectos, para que ninguén se ofenda, quere dicir que ese Plan sectorial de vivenda afectaría a dúas zonas do casco histórico segundo o folleto, que o seu Grupo recibiu a información a través dos veciños que lles chamaron, e que como Grupo de Ribadeo tratan de resolver os problemas de Ribadeo e a discusión dos grandes partidos lles preocupa pouco; que lles fixo reflexionar a cuestión, e que este Plan pretende nesos trinta mil metros cadrados das dúas zonas facer 105 vivendas, 24 libres e 81 de protección oficial e as características do Plan prohiben calquera outra medida que non sexa a expropiación.

Manifesta tamén o Sr.Rivas Alvarez que se fixou un prezo ridículo de 6,22 €/m<sup>2</sup> segundo figura e que serán urbanizados os terreos pola Xunta e venderanse por catro perras gordas a grandes promotoras inmobiliarias para que edifiquen e obteñan elas os beneficios, despois de arruinar aos veciños de Ribadeo; manifesta tamén que non está de acordo con que se consideren suficientes as comunicacións existentes e se entenda que non é necesario construír unhas novas e que tampouco se prevé a construción de novos edificios dotacionais e que so se prevén 60 prazas de aparcamento público.

O Sr.Rivas Alvarez, ironiza dicindo que parece que están sobrados de aparcamentos pero realmente fan falta mais.

Asimesmo manifesta que practicamente ningún veciño de Ribadeo ten permiso nin para rehabilitar nin para construír unha vivenda nesos terreos e se lle pon todo tipo de atrancos e cortapisas, e agora ben a Consellería de Vivenda e pretende construír bloques de edificios que afectarían de xeito irreversible ao entorno natural da ría polo tipo de vivenda que se pretende construír, tipo bloque; que o Plan de vivenda é ilegal, porque se sacou adiante de maneira unilateral pola Consellería do BNG sen os informes necesarios das Consellerías do PSOE e que en Concellos como Nigrán tivo mais de 4.000 alegacións, e en Narón, Fene e Neda mais de 800, e en Vigo rexeitouse polo Alcalde, dicindo que non necesitaba un Plan sectorial desas características xa que se contempla no PXOM vigués , e que en definitiva é un auténtico despropósito.

Manifesta tamén o Sr.Rivas Alvarez que o Alcalde de Ribadeo está facendo todo o posible para silenciar as protestas dos veciños comprando algúns medios de comunicación e facendolles ver a través do seu magnífico gabinete de prensa que pagan todos mensualmente, que todo está de maravilla, de alfombra roxa ou vermella, moi de acordo co fin de semana pasado.

Fai referencia asimesmo a avisos oficiais como o que se mandou aos veciños, a algunhos de ultima hora, sen rexistro de saída do Concello, e metidos por debaixo da porta, con nocturnidade e alevosía, por algún traballador do Concello, e que ao seu Grupo non lles parece que sexa a forma de ter informados aos ribadenses e a todos os afectados.

Prosegue sinalando que o Plan sectorial poidose ter paralizado, e podese paralizar se se negan a recalificar os terreos afectados, polo que o único favorable para que saia adiante tal e como está presentado é o Alcalde e o seu Grupo que xa se pronunciou así nos medios de comunicación , e que Ribadeo non perde se se paraliza este Plan.

Manifesta tamén o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que están dispostos a traballar por un Plan sectorial consensuado por todos os Grupos políticos que conforman a Corporación, e cumprir os obxectivos xerais sen lesionar aos intereses particulares dos veciños e que se pregunta porque o Alcalde non fixo nada para paralizar este atropello e que ademais mostrouse altamente favorable ao proxecto.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI pide que se busque outra ubicación para un Plan destas características, pero con condicións pola súa parte e o seu Grupo pide que se chegue a un acordo cos propietarios dos terreos e sempre que haxa voluntariedade de vendelos e dín que sí á venda e non á expoliación, xa que considera que é unha expoliación; que pide que o Concello poida participar no deseño do mesmo xeito e no seu caso en fixar dotacións, e que finalmente ten que significar que se lles pide que busquen outras ubicacións en Ribadeo a 6 euros/m<sup>2</sup>, cando noutros concellos como Bueu se pagaban a 86 euros/m<sup>2</sup>, e lles parece que é unha tomadura de pelo e non van buscar ubicacións a ese prezo, e menos sen ter o consentimento dos veciños que son os realmente afectados; prosegue sinalando que por iso din que non a este Plan sectorial, e din que non á destrución do casco histórico e sí a vivendas de protección oficial; que respecto á postura de UPRI á que aludiu o portavoz do Partido Popular, respecto a esa Xunta de portavoces por adiantado, lle parece que esa Xunta de portavoces foi convocada despois de que o Alcalde recibise ou tivese nas mans a Moción e que ese era un dos puntos que poñía a Moción; que están de acordo en que hai que traballar e o Grupo de UPRI son os primeiros, e incluso propón ao Alcalde quedarse despois do Pleno e celebrar a primeira Xunta de portavoces, e que se reúnan e falen, pero despois do Pleno non antes do mesmo.

Manifesta tamén o Sr.Rivas Alvarez que respecto a porque non foron á reunión co Director Xeral do IGVS non sabe se os que foron aprenderon moito, e ogallá que se poidan enriquecer na Xunta de portavoces co que lles contou o Director Xeral , pero lles parece que foi outra manobra para tratar de que a Moción non fora a Pleno e os veciños non viran a postura de cada quen.

Sinala tamén que o Grupo de UPRI o ten moi claro, que a súa postura foi a que mantiveron dende o primeiro momento e unha vez aprobada a Moción, como parece que vai ser aprobada, están dispostos a ir a donde sexa.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas, do Grupo municipal Socialista, que manifesta que quere facer un pequeno compendio de todo o que para o PSOE significou a publicidade que se lle deu ao Plan Sectorial de Vivenda residencial para empezar demostrando que dende o primeiro momento polo goberno municipal e por parte da Consellería se actuou con total opacidade para saber o que se estaba tramando, e basease en que no DOG de 24 de outubro saíu o Plan e que lle corrixan, sen que se enteraran de nada ata que apareceron os avisos do Alcalde, e este aparece para dar unha explicación o 12 de decembro e hai un período entre o 24 de outubro e o 12 de decembro e polo menos o PSOE non le o DOG, e foi merced á mobilización que tivo o Concelleiro no uso da palabra, coñecemento do asunto e despois desa reunión á que se acudiu polo goberno municipal e por parte do PP, hai dúas cuestións que aínda hoxe non están claras, e que veñen nun disquette da propia Consellería un mapa de Galicia, e en Ribadeo, aparece un punto azul que quere dicir que a actuación vai ser entre 2013 e 2017, o que resulta contradictorio co dito pola Consellería donde fala deses obxectivos do Plan Sectorial, de colaboración cos Concellos e que é unha oportunidade ante a crise inmobiliaria que están a vivir enmarcados nunha crise mundial e resultalle moi difícil que se solucione unha crise cun programa para o segundo quinquenio, pola Consellería, que emana da propia Consellería, e que é de 2013 a 2017, e non sabe como chegaron á cidadanía.

Prosegue manifestando que o PSOE unha vez que tivo coñecemento do problema polos veciños o sábado 27 de decembro, antes da reunión conxunta cos portavoces, presentou unha Moción donde se rexeitaba plenamente a ubicación da zona en que ía o Plan e logo celebrouse unha reunión coa participación dos veciños e do resto de portavoces, e se comprobeu a retirada para chegar a un consenso coa Moción actual; que a partir dese momento houbo un interese novo do goberno municipal de tratar de dicir que os Grupos que asinaron esa Moción non querían que se fixera o Plan sectorial de vivenda e que nun medio de comunicación ven unha foto dos membros do BNG acusando a PSOE e UPRI de querer evitar que saia adiante o Plan sectorial de vivenda, e que evidentemente nin se molestaron en ler a Moción presentada polos tres grupos que no punto 2º da mesma, dí que por parte da Alcaldía se convoque á Xunta de portavoces de xeito urxente para no seu caso estudar unha alternativa para unha nova ubicación, nos termos en que figura na Moción, e que ise é o criterio que manifestaron nos medios de comunicación, contrario ao que dí o Alcalde, falando de espantada, en relación a PSOE e UPRI e tratando de unir que se foron porque non querían falar nese momento desa Moción, e dí o Alcalde que non querían o Plan, cando é todo o contrario segundo a Moción; que a propia Moción dí que sí o queren e tamén falando e recollendo en parte tamén queren dicir donde o queren, (o Sr.Pérez Vacas exhibe un plano na sesión) para que non se perda ese tempo que parece que se gañou acudindo a Santiago.



Prosegue manifestando que dito todo isto e manifestando o propio interese e non so do PSOE senon do resto dos Grupos en que sí que queren que se faga o Plan de vivendas, en canto ao de diálogo, é absurdo que lles esten acusando de non querer dialogar porque é o que están facendo dende que se constituíu esta Corporación, e que o que teña algo que dicir en contra que o diga-.

Sinala tamén o Sr.Pérez Vacas que o abandono da Xunta de Portavoces estaba superfundamentado porque ao día de hoxe, e logo se enterarán, todavía non saben cal é a postura do goberno municipal con relación a que se manteña este Plan na zona que rexeitaron todolos veciños e todolos Grupos presentes na Moción; que non saben cal é, senon todo o contrario, e que di o Sr.Alcalde que se debe facer iso, e buscar noutros sitios e que se enterarán agora; que lle esixiron ao alcalde que trouxera a Moción ao Pleno e unha vez presentada, como dixo o portavoz de UPRI, era “chover sobre mollado” , porque se a trouxera ou non, unha vez firmada e presentada, sabe que por sistema de urxencia e co voto dos tres portavoces ía vir igual e que era “un brindis ao sol” e non era un compromiso que necesitasen para nada.

Sinala asimesmo o Concelleiro no uso da palabra que por parte do PSOE nunca criticaron a presenza do Sr.Rodríguez Andina na reunión de Santiago e que entenderon que era un erro ir, en tanto en cuanto, o goberno non se manifestara contrario á ubicación do Plan nesa zona; que xa o dixeron , que están pola construción do Plan de vivendas, pero non ahí e menos coa tipoloxía contemplada no propio Plan que é tipo bloque, rachando coa construción tradicional, nesas dúas zonas que se ubica, en pleno casco histórico e estando como se está a traballar na redacción do PXOM en breve iniciándose a redacción do PEPRI donde se poida contemplar, como xa se manifestou neste Pleno por outros portavoces o que poidan facer ou non os veciños.

Remata a súa intervención o Sr.Pérez Vacas dicindo que esa é a postura do Grupo Socialista, e unha vez asinada a Moción e quedando claro o que van a votar, e cando sexan requeridos están dispostos a poñerse a traballar porque o que queren son as vivendas pero non no sitio en que as ubican, e non saben se o goberno municipal ou a propia Consellería, porque utilizando documentos da propia Consellería (e non oiu o Alcalde dicir que non participaron neso) respecto á colaboración cos Concellos

Intervén a continuación o Sr.Alcalde que manifesta que antes de dar a súa opinión que tamén a teñen querría preguntar aos tres Grupos municipais asinantes da Moción, porque despois de escoitalos ás veces pensa que entenden unha cousa pero que na redacción da Moción queda moi ambigua e quere aclaralo pola decisión que poidan tomar; quer no primeiro punto dí que o Concello de Ribadeo rexeita o presente Plan sectorial de Solo residencial de Ribadeo e queren preguntar se o que se rexeita é esta alternativa nestas dúas bolsas de solo por entender que hai outros lugares mellores no Concello ou é que se rexeita o Plan en sí mesmo, o proxecto da Consellería e lle gustaría que lle aclararan eso porque vai ser determinante.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifesta que esta cuestión está clara e que simplemente falan destas ubicacións concretas do Plan sectorial de Ribadeo e refírense a esas bolsas de terreo o que asimesmo confirman os Sres.Pérez Vacas e Rivas Alvarez.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que outra consideración é a de si os Grupos asinantes da Moción están dispostos de maneira seguida á celebración do Pleno cando sexa de buscar alternativas , pero non alternativas de “Perogrullo”, demagóxicas, senon cos criterios aos que está referido o Plan sectorial de solo residencial, e quere preguntar ao Sr.Rodríguez Andina se están dispostos a buscar alternativas, non a dicir que se poña algo no medio do monte, senon buscar criterios de espazos de bolsas donde se pechen zonas baleiras, espazos que non vaian crear guetos e que estean integrados dentro da trama urbana sabendo cal é a trama urbana do que é Ribadeo.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina se contesta que neste punto cada un fala por sí e o Grupo Popular dende logo que sí e non so iso senon que xa ten ideas para iso, e que incluso non hai que determinar xeográficamente un terreo determinado e hai que buscar unhas plantexamentos distintos dos que teñen e que estan en disposición de ofrecer ao resto dos Grupos por se poden servir; que o Grupo Popular o que ten como criterio é xa non so de ubicación de sitio, porque tampouco vai empezar no Pleno a mencionar trozos de terreos, e a ver cal, pero que o que pensa é que poden levar a cuestión a unha solución igual sen “pisar callos” que tamén é importante.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista dí que están a favor do que acaba de manifestarse pero como xa se dixo antes, que a Alcaldía recolla o guante que lles lanzou nos medios de comunicación e por iso trae unha parcela perfectamente susceptible non para plantexar agora no Pleno senon para cando haxa esa Xunta de Portavoces que se reclama no punto segundo, donde se contemplan 61.534 m2. cualificados como solo residencial e cuxa tipoloxía se adapta a vivenda unifamiliar nas súa variantes de adosada, pareada e exenta e bloque exento para atender as demandas derivadas de vivendas suxeitas ao réxime de vivenda de promoción pública e o Sr.Alcalde pode ter a ficha igual que a ten o Sr. Pérez Vacas, nos Servizos técnicos do concello para empezar a traballar pero para que se saiba que xa o estiveron facendo, que non veñen a rexeitar nada, que non van contra o Alcalde de Ribadeo nin o seu goberno senon a favor dos veciños, que demandan este tipo de construcións e non nas condicións que se pretendía facer.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, manifesta que xa dixo na súa primeira intervención que están dispostos a traballar e buscar unha ubicación e tamén teñen propostas que facer e aportarán na Xunta de Portavoces que se celebre, pero xa dixeron que non irán a ningunha ubicación para pagar cun cartel de 6 euros/ m2, porque lles parece unha expoliación dos terreos, e tendo en conta iso e o que se pagou noutros sitios, como Bueu, haberá que ver o que oferta a Consellería de Vivenda e buscar unha alternativa de acordo cos veciños e o que mais lle interesa ao Grupo de UPRI é a defensa dos veciños, conxugado

cos intereses xerais, e é o que deben ter sempre presente, e tratar de cumprir o que se dí na Moción de vivendas de Protección oficial, pero respetando sempre os intereses particulares dos veciños e non cun atropelo como supoñía este Plan sectorial, non so de falta de información senon atropelo en toda regra ao casco histórico e tamén aos propios veciños que nunca poideron facer nada nel.

Polo tanto, repite ao Sr.Alcalde que están dispostos a colaborar e traballar e buscar unha solución e se pode ser consensuada moito mellor.

O Sr.Alcalde manifesta que unha vez matizados eses compromisos por parte dos grupos asinantes da Moción de non desestimar o Plan na súa integridade en Ribadeo senon discrepar das ubicacións pero comprometerse finamente a que dentro dos criterios que ten a Consellería dentro do Plan sectorial, propoñer entre todos, manifesta que o Grupo municipal do BNG non ten problema tampouco en apoiar a Moción pero que lles gustaría comentar varios aspectos do asunto e que tamén dentro da oposición entendendo o rol que deben xogar a oposición , tamén lles doen unhas actitudes moito mais que as outras, e dende o sentido de buscar solución aos problemas, e que algunhos grupos básicamente o que persiguen é básicamente desgastar ao goberno e outros xunto coa lexítima necesidade de desgastar ao goberno tamén antepoñen os intereses xerais do Concello, neste caso.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que cando convocou a Alcaldía un acto público efectivamente quizais se demorou, pero tamen houbo outros Concellos que a día de hoxe aínda non convocaron ningún acto público e non tiveron mala fe en convocalo a última hora porque asinou unhos bandos que mandou colocar pola vila e ademais ordenou que por debaixo da porta, que non foi con nocturnidade e alevosía, como dí o Sr.Rivas, senon para intentar avisar ao maior número de persoas para que viñeran a unha charla que neste caso ofrecían responsables deste Plan sectorial e da Consellería de Vivenda e Solo; e que a partir de ahí toda a sucesión de acontecementos pero nese momento en cumprimento de parte da Moción cando se pedía á Alcaldía que convocara á Xunta de portavoces de forma urxente, e non dicía despois de tratalo no Pleno e de forma urxente convocou á Xunta de portavoces, co arquitecto, co secretario e houbo dous grupos que practicamente nin lles deixaron falar e levantaronse , e iso non é así, que non se debe facer porque falando se entende a xente e se non hai diálogo é moi difícil e unha vez mais, salvo que o que se pretenda sexa desgastar e non buscar alternativas.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que unhos días despois xestionou unha reunión na propia Dirección Xeral do IGVS, xa que se trata dun Plan supramunicipal que non depende do que faga o Concello , incluso non depende de se se aproba esta Moción por maioría ou non, que pode influir e claro que vai influir pero non depende e non é matemático.

O Sr.Alcalde pon o exemplo de que o Pleno acorde ou deixe de acordar que pase a Autovía.

Segue manifestando o Sr.Alcalde que á reunión convocada en Santiago asistiu somentes un Grupo, e dos outros grupos unicamente houbo excusas, que non vai dar no Pleno,de carácter pintoresco, e cre que non se debe rexeitar o diálogo cando quen está disposto a dialogar é precisamente quen está redactando o Plan. Unha vez que estiveron na reunión, e coincide nelo co que dixo o portavoz do outro Grupo que estivo na xuntanza, con total tranquilidade lles dixeron que se non lles gustaba esa ubicación, se a Corporación quere propoñer outra dentro da trama urbana que se adapte ás directrices da Consellería dende a Consellería de Vivenda non terían problema en estudialo, e como se dixo por outro Grupo anteriormente todo isto se podería ter feito igual e podería celebrarse o Pleno, asistir mais ou menos xente, pero que poderían ter avanzado moito mais.

Asimesmo o Sr.Alcalde fai referencia a que lle gustaría aclarar tamén que se está sistemáticamente falando desa cifra de 6 euros por metro cadrado e debe facer unha aclaración, a de que por boca de quen llo explicou non é así; que este plan adoece do mal momento político no que está plantexado, e sobre todo dunha deficiente información, e explicaron demais algunhos aspectos de descomposición técnica e obviaron algunhos outros e conseguiron que a xente tivera unha interpretación errónea do que o Plan quere transmitir e se fixeran un esquema particular, e agora se chegou a unha situación bastante complexa. Que non vai discutir o dereito de cada quen a interpretación, pero que pensa que o Plan sectorial dí o que dí, e que o dicía con bastante claridade, e que o que é a valoración do conxunto do solo incluída na actuación e que son aproximadamente unos 30.000 m<sup>2</sup> , 30.027 m<sup>2</sup>.a valoración global que fai é de 2.272.000 euros e cunha simple división leva a que a valoración promediada do m<sup>2</sup>, de solo, do que é o terreo sexa de 75,67 euros/m<sup>2</sup>, non de 6, 22 como erradamente se ten entendido nalgún caso e querido facer entender nalgún outro.

Toda vez que se producen murmullos entre o público o Sr.Alcalde pide silencio.

O Sr.Alcalde segue explicando que o “cadro da discordia” se desglosa no que corresponde á obtención do solo e por outra banda o que corresponde aos custos de transformación do solo, e entenderase polo tanto que os 6,22 euros/m<sup>2</sup> correspondentes ao custo unitario de indemnización por m<sup>2</sup>.de solo ven a expresar o peso relativo que ten as indemnizacións que se estimaron que habería que pagar polas edificacións afectadas no conxunto da actuación, é dicir que os 186.000 euros que se estima que habería que pagar para indemnizar aos propietarios das edificacións existentes na actualidade que se ven afectadas pola actuación supón unha carga para o conxunto de 6, 22 euros/m<sup>2</sup> no solo.

O Sr.Alcalde prosegue a explicación técnica da cuestión e manifesta que pensar que esa valoración que se fai do solo levaría á conclusión absurda de cando non hai edificacións afectadas como sucede nalgunhas actuacións e non hai indemnizacións xa que logo o valor da indemnización por m<sup>2</sup> de solo sería cero.

O Sr.Alcalde explica os criterios do Plan para o conxunto de Galicia e fai referencia as actuacións noutros lugares como O Barco, Chantada, etc., pon cero en todos eses Concellos e non quere dicir que ese sexa o valor do solo, e polo tanto se debe aclarar convenientemente,

Fai referencia igualmente o Alcalde a outra cuestión á de que respecto a outra situación dentro dun tempo respecto a que agarda que sexa pouco, pensa que dentro deste Goberno se poñan todos os instrumentos precisos para que dentro de pouco se poida discuti-lo PEPRI e que está no caixón dende que no ano 1995 se anulou a aprobación inicial que había dun PEPRI daquela e nunca mais se voltou.

Prosegue sinalando tamén que antes ou despois haberá que dicir que é o que se quere para o casco vello, e como se vai intervir nel e a cales intereses se lles da a razón, porque aquí tanto cunha Comisión de afectados coa que falou como con membros individuais que ten falado tamén , asinantes de escritos en contra, a verdade é que as posturas eran conxuntas respecto a que non querían ese Plan, pero eran totalmente diverxentes e discrepantes nos criterios, e había dende o que non quere que se faga nada ata o que pretendía que o que se facía era moi escaso para os seus intereses, e cando se chegue a un PEPRI terán que discutir todo iso tamén, e tamén vai a xenerar conflito, porque a outra opción é simplemente non facer nada e deixalo como está agora. Que hai xente que pode estar contenta e outra non e outras que pretenden facer cousas no casco vello e eses intereses contrapostos que agora coinciden en parte dentro de pouco tempo terán que voltar a abordalos.

Manifesta tamén que na reunión co Director Xeral do IGVS xa se dixo que a expropiación non era a alternativa preferente senon a permuta, e que eles mesmos quedaron abertos a estudar outras alternativas que se poideran dar dende o Concello.

Conclúe o Sr.Alcalde que polo tanto dentro desas consideracións que fixo ao principio o seu Grupo non ten inconveniente en votar a favor da Moción, para que sexa unánime.

Volta intervir o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que quere facer unhas aclaracións sobre a reunión de Santiago e quere manifestar, toda vez que se suscitou no Pleno, que nesa reunión o Concelleiro no uso da palabra aprendeu moitísimo, porque estaba o Director Xeral e o técnico redactor do proxecto, pero o mellor do asunto foi que o Grupo do Partido Popular fixo propostas e fixo consultas de se algunha desas propostas poderían encontrarse con algún atranco ou non e se lles contestou, e polo tanto as propostas que ten o seu Grupo para poñer enriba da mesa dalgunha forma non teñen o aval do IGVS pero teñen o aval de que son posibles, o que xa é importante. Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina dicindo que polo tanto aceptaron os seus puntos de vista en canto ademais a que o fixeron moi mal, e tan mal que de pouco vale que agora o Sr.Alcalde veña explicar todas esas cousas , algunhas das cales o portavoz no uso da palabra xa oiú o outro

día, porque o que mal comeza mal remata pero o entenderon, e a única esixencia que puxeron foi que xa que había unha ubicación , que propoñan o Concello outras ubicacións. E polo tanto algo avanzaron e para algo serviu a xuntanza.

O Sr.Rodríguez Andina, dirixíndose ao Sr.Alcalde dí que lle agradece moito a explicación que deu, e que en parte xa coñecían, pero que chega tarde e iso tiña que ser dito antes, que era ao principio de todo o asunto e pregunta porque non se dixo no seu momento; que o Alcalde cando empezou a súa explicación notaríase un rumor, e que foi de estupefacción , de que se está contando a estas alturas, xa que todo o que lles viñeron contando durante todo este tempo non ten nada que ver con iso; e que é dificilísimo que tendo diante un tríptico como ese donde aparentemente se pon seis euros metro cadrado, agora ninguén poida aceptar esa división entre m<sup>2</sup> e presuposto, e igual é verdade pero é difícil que o crean, porque o que está no tríptico dí outra cousa; e igualmente cando se fala de “bloque” –edificatorio- deberá explicarse de que se trata, xa que o que se percibe son os bloques existentes en diversas zonas do casco urbano, e todo o mundo se asusta.

Manifesta que , por último , quere facer constar que a mensaxe a pode entender, pero ao final lle soa a algo así como ollo que aínda pode ser peor que non haxa ese Plan ahí, e que cre que ese non é a mensaxe que hai que mandar, e que están donde están, e a volta atrás nesas ubicacións é absolutamente imposible, e a xente cre o que cre, e porque se lle informou do que se lle informou, e se lles dixo o que se lles dixo, e se quedan con iso, e polo tanto hai que buscar alternativas, con tempo, e igual se ve que a cousa non é como lla contaron mal (en referencia ao Grupo de goberno) porque foron quen lla contaron e entón hai rectificacións de posicións, dos veciños, non dos Grupos, que os Grupos están donde están, recolleron dalgún xeito o malestar e a desinformación dos veciños, pero agora eso xa non vale e dende logo non lle manden a ninguén esa mensaxe de ollo que pode ser peor.

Reitera o Sr.Rodríguez Andina que se fixo mal dende o principio e que o asuman e que se busque unha ubicación nova.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo municipal socialista, intervén manifestando que é unha satisfacción que se aprobe a Moción e poidan dar a satisfacción a todos os reclamantes de facerse eco desa iniciativa e que queda plasmado nun acordo da oposición, hoxe é a primeira vez que lle escoita ao Sr.Alcalde dicir que non quere ahí o Plan, e que é a primeira vez, e afortunadamente é no mellor momento.

O Sr.Alcalde interrompe a intervención do Sr.Pérez Vacas para precisar que se non acude cando o chama non o vai chamar por teléfono, para dicirlllo, que ten que vir cando o convoca.

Deliberase sobre este extremo entre o Sr.Alcalde e o Sr.Pérez Vacas.

Retoma a súa intervención o Sr.Pérez Vacas dicindo que se enterou polo periódico da posición do Alcalde, de que quería que continuara ahí, e por iso o

interese por parte do Partido Socialista de que se debatira a Moción para saber cal era a postura que afortunadamente é coincidente co resto dos Grupos municipais; que evidentemente supón que esa información que hoxe deu foi dende que o Sr.Alcalde foi a Santiago porque senon non entende para que publica o folleto co logo do Concello e da Consellería e do IGVS que non o entendeu ninguén polo que figura no mesmo respecto ao prezo por m<sup>2</sup>., e aproveitaron a viaxe a Santiago para ler todas as explicacións que ten dado o Sr.Alcalde e que lle agradecen pero se é un folleto informativo que o sexa cando fai falta e foi un folleto desinformativo; respecto a que xa teñen consensuado ou falado no IGVS o documento que exhibe o Sr.Pérez Vacas está no Plan Xeral de Ordenación Municipal que contempla a creación de solo público e que é válido como documento de traballo, e que iso é o que quere manifestar.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo municipal Popular, volta intervir e manifesta que non ten nada consensuado no IGVS e que plantexou dúbidas por si eran factibles pero o planteará na Xunta de portavoces e non ten nada negociado nin acordado nin co BNG nin co IGVS nin con ninguén.

O Sr.Pérez Vacas lle replica que non vai por ahí, pero que como hai moito *“feeling”* e *“buen rollito”* o dí.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI, manifesta que respecto ao seu Grupo, trata sempre de buscar solucións aos problemas e pide que non se trate de encasillar á oposición en uns e outros, e que o Grupo de UPRI, polo menos está na oposición, e está na oposición (repite o Sr.Concelleiro), e entón que non lle falen duns e doutros, e que non traten de facer eses grupos porque igual o ten que facer pero non con UPRI que está na oposición e saben o lugar que ocupan e fan o seu traballo, de oposición que é defender os intereses dos veciños e tratar de buscar o mellor para eles sen perder de vista o interese xeral que é o que interesa.

Dirixíndose ao Sr.Alcalde manifesta que en relación á convocatoria da Xunta de Portavoces e que a convocou de forma urxente, xa ía na Moción e porque o Alcalde convocou á Xunta de portavoces, se pregunta o Concelleiro no uso da palabra, porque lles podía ter convocado antes.

Como xa manifestou o portavoz do PSOE que xa o tiña pensado o Sr.Rivas Alvarez e llo pisaron, na páxina web da Consellería de Vivenda ven que este Plan foi elaborado en total colaboración cos Concellos, ou sexa que o Alcalde sabía del e igual que sabe doutras cousas como é o do tendido eléctrico, pero diso xa falarán despois. Prosegue manifestando que convocou a Xunta de portavoces o Sr.Alcalde de xeito urxente e lle dixeron que cando se aprobe a Moción, automaticamente ao minuto seguinte despois do Pleno estarán dispostos a traballar e nunca dixeron que negarían o seu tempo e traballo para traballar e avanzar pero sempre despois de e non antes, porque aquí todo o mundo está vendo a postura que ten cada quen e quen cambia de parecer con respecto a este Plan sectorial porque non lle queda outro remedio, porque se o tivera non cambiaba, pero son 9 contra 4 e ten que sumarse ao carro.

Refírese tamén o Sr.Rivas Alvarez que dí o Sr.Alcalde que xestionou unha reunión e se o Alcalde de Ribadeo non consegue unha reunión co Director Xeral do seu mesmo partido, vaia Alcalde que terían, e so faltaría que se apuntara un tanto mais por conseguir esa reunión.

En relación á afirmación efectuada das excusas dos Grupos do mais pintoresco xa dixeron cal fora a do Grupo de UPRI , que non foron a esa reunión porque lles parecía que era tratar de desvirtuar o Pleno, de furtar ao Pleno o contido da Moción, que tiña que ser discutida, que están de acordo en que podían ter avanzado e tampouco se perdeu tanto e poideron ter avanzado dende o 24 de outubro se se lles houbera informado, cousa que non se fixo, do mesmo xeito que respecto aos veciños. Que se lles convocou a última hora para sair na prensa e dicir que todo está ben e que era unha foto de Ribadeo preciosa que querían destrozar.

Reitera que o Grupo de UPRI está disposto a traballar e que o que pon o papel era de 6, 22 euros/m<sup>2</sup> e o que pon o papel dí o refrán donde letras falan barbas calan e que non hai outra explicación, e que se se quere dar a volta ao asunto poderase intentar pero existe un documento.

Conclúe o Sr.Rivas Alvarez dicindo que este proxecto é un despropósito e que o seu Grupo está disposto a traballar e a disposición da Alcaldía e sempre que se lles chamou acudiron e con vontade de chegar a acordos, e que dende a outra parte non se está disposto a chegar a acordos coa oposición, e co seu Grupo de UPRI en concreto.

O Sr.Alcalde manifiesta que antes de proceder á votación quere dicir que lle gustaría pechar a rolda e que non lles gustan algunhas das cousas que se dixeron no Pleno e se para xustificarse alguén se pon nervioso ou preocupado e eleva o tono de voz, para xustificar o que non ten xustificación e lle poderán achacar totalas cousas que queiran, pero se tamén é malo que xestione para que o reciban, non sabe o que pretenden que faga.

Di o Sr.Alcalde que dende logo hai a sorte de que hai moitos veciños e que sacarán as súas conclusións, que estimen mais convenientes, e serán os responsables pero é dunha formación política o Alcalde no uso da palabra, determinada, e lles separan moitas cousas de cada un dos membros dos outros Grupos igual que os diferentes grupos entre sí, pero dende logo que o chamen a falar, e veña á Casa do Concello unicamente para cobrar a dieta e se vaia sen dialogar, non o considera ben; que lles chamen para falar con quen ten capacidade de decisión e non acudan alegando pretextos, xa daquela manifestara na Comisión o Alcalde que non tiña inconvinte en levar o asunto ao Pleno, aos veciños e nos medios de comunicación e por teléfono cando os convocou e que considera que podían ter avanzado mais propostas en Santiago e que se pretendeu tensionar e desgastar ao goberno.



O Sr. Alcalde asimesmo sinala que se demostra que moitas veces se está argumentando sobre a boa relación, pero que todo o que sexa para ben e entendendo o lexítimo papel que cada un representa, unhos de goberno e outros de oposición, quere dicir que lle parece moi positivo o plan sectorial de vivenda e se son capaces de darlle á Consellería outras ubicacións alternativas vai facilitar a creación de espazos públicos , dotacionais, a construción de vivenda protexida, unha serie de melloras, a dinamización dun sector en crise da construción, polo que hai e o que vai vir, e ogallá se equivoque.

Sinala tamén que todo o que sexa falar para chegar a acordos falarán incluso co demo se fixera falta, pero o que lles disgusta é que por un afán oportunista e político de desgaste do goberno fagan todo o que estiveron facendo, e que cando chegan ao Concello se preocupan moito de dicir, de broma, pero cun trasfondo en serio que cobran a dieta.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase aprobar a Moción transcrita anteriormente na súa integridade coa tramitación procedente.

#### **2009/09/09.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA.**

#### **ACORDO RELATIVO A PARTICIPACIÓN E INTEGRACION NO GRUPO DE ACCION COSTEIRA “A MARIÑA-ORTEGAL” POR RAZÓN DE URXENCIA.**

Por parte da Alcaldía-Presidencia se propon por razóns de urxencia que se inclúa na sesión a adopción dun acordo relativo á participación e integración no Grupo de acción costeira A Mariña-Ortegal, téndose recibido no día de hoxe o escrito que figura na sesión, e figurando asimesmo unha proposta da Alcaldía sobre a mesa, do seguinte tenor literal:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que no día de hoxe recibíronse os Estatutos do “ **GRUPO DE ACCION COSTEIRA A MARIÑA-ORTEGAL**”, aportados polo Centro Tecnolóxico da Pesca de Celeiro (Viveiro), e recibidos no día de hoxe, e foi emitido informe de Secretaría sobre a referida Asociación e os seus Estatutos

Visto que por Orde do 17 de xullo de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimo (DOG 144 de 28.07.02008) convocouse o concurso de selección de Grupos de Acción Costeira significando que se estableceu tamén a zona 1 que é A Mariña-Ortegal. Maniféstase que se trata de alcanzar os obxectivos ou fins da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos mediante a participación activa dos axentes do sector pesqueiro, dos axentes sociais, dos axentes económicos, e das Administracións locais.

Visto que con data 27 de setembro de 2008 constituíuse o referido Grupo de Acción Costeira.

Considerando, que unha vez constituído baixo eses Estatutos e abarcando o ámbito de actuación deste Concello xunto con todos os outros costeiros de Lugo, ata Valdoviño, xa da provincia de A Coruña.

Visto que por tratarse dunha entidade asociativa e para acordar a incorporación a mesma precisase maioría absoluta legal de conformidade co art.47.2.g da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, e que compre asimesmo que polo Pleno Municipal se designe o representante corporativo, titular e suplente.

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. Adherirse o Concello de Ribadeo ao Grupo de Acción Costeira “A Mariña-Ortega” solicitando a adquisición da condición de membro da mesma pola maioría absoluta legal a que se refire o artigo 47.2 g) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, conforme aos Estatutos aportados que foron aprobados con data 27 de setembro de 2008.

2º. A designación de representante titular e suplente do Concello de Ribadeo.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iníciase deliberación sobre o asunto deliberándose en primeiro lugar sobre a urxencia toda vez que polo Sr.Alcalde se explica que o Concello non tiña representante nese Grupo, facendo referencia a que se trata dun proceso tutelado pola Consellería de Pesca e que ordenou que se elaborase unha proposta e que o Alcalde sempre é membro nato naqueles órganos donde está representado o Concello, pero o quixo traer aberto porque noutro Grupo de Acción local puxo un titular e un suplente e o Pleno non o quixo e o trae aberto para que o Pleno sexa quen decida , e se queren pode ler a proposta.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, formula a pregunta á Alcaldía de se a cuestión é urxente, manifestándose polo Sr.Alcalde que verbalmente lle dixeron que sí. O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, pola súa parte dí que á vista da natureza do asunto, é unha cuestión menor e pregunta se teñen que nomear un segundo representante.

Toda vez que se delibera sobre o tipo de acordo a adoptar, por Secretaría se explica que se debe adoptar o acordo de adhesión e decidir formar parte do novo Grupo supramunicipal e ademais diso designar ao titular e suplente e que na proposta da Alcaldía figuran tres puntos.

Seguidamente por parte da Alcaldía se procede á lectura da proposta explicando o contido da mesma.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que manifesta que previamente hai que debatir se se incorpora isto e despois se falará da cuestión.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que efectivamente pero que o daba por asumido, xa que hai a posibilidade de que o Concello e a súa poboación poida participar de fondos públicos relativos a pesca ou ao ámbito costeiro en función dos fondos FEDER que é a ultima vez que se teñen , xestionados polas Comunidades Autónomas.

O Sr.Rodríguez Andina, manifesta que non dí que se opoña, senon que pide de maneira formal que se incorpore á Orde do día. Os representantes dos Grupos municipais de PSOE e UPRI manifestan que tampouco se opoñen a que se incorpore á Orde do día.

De seguido por unanimidad en votación ordinaria, o Pleno municipal, acorda a apreciación da urxencia do tratamento do asunto e a súa incorporación á Orde do día.

Iniciada a deliberación do asunto por parte do Sr.Alcalde se reitera que a súa proposta é que prefere que sexa o Pleno quen decida e que o BNG considera que debe ser titular o Alcalde e suplente quen decidan.

Intervén Sr.Rivas Alvarez que dí que o suplente o decidan o resto dos Grupos da oposición, contestándosele por parte da Alcaldía que quen decide é o Pleno e non os grupos da oposición e se decide por maioría.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte manifesta que a súa proposta , como Alcalde está moi ocupado, e que vaian representando os dous grupos maioritarios da oposición, o de maior representatividade como titular e o de menos como suplente e que se alternen anualmente nesa representatividade.

Intervén o Sr.Pérez Vacas, do Grupo municipal socialista, que dí que están abertos a calquera designación, e se o goberno xa ten un representante que se nomee outro por parte dos Grupos da oposición.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo municipal popular, dí que está de acordo co que dí o portavoz do PSOE pero que manteñen o criterio de que como son o grupo maioritario da oposición e o segundo Grupo da Corporación, deben ter a segunda representación e que iso é algo evidente e que o resto lles parece como se se lles quixera expulsar sempre aos avernós.

Toda vez que se pregunta polo Sr.Alcalde, o Sr.Rodríguez Andina manifesta que o Grupo Popular propón que a representación a ostente o portavoz.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, manifesta que manteñen a súa proposta e procede a repeti-la mesma.

Toda vez que se promove deliberación sobre o mecanismo da votación, por Secretaría se sinala que a vista do debate se trata dunha especie de enmenda “in voce” e que cumpriría votala antes.

Pasada a votación a proposta de UPRI resulta rexeita ao obter 2 votos a favor (dos membros do Grupo UPRI), 4 en contra (dos membros do Grupo municipal popular) e 7 abstencións (dos membros dos restantes Grupos da Corporación).

Pasada de seguido a votación a enmenda formulada polo Grupo municipal Popular á proposta da Alcaldía, previa explicación por secretaría de que se trata dunha formalización concreta da proposta da Alcaldía, co engadido do Grupo Popular, resulta aprobada por oito votos a favor ( dos membros dos Grupos municipais do BNG e PP) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI).

Polo tanto, polo Pleno municipal, se acorda por unanimidade os puntos 1º e 3º da proposta da Alcaldía e coa maioría a que se ten feito referencia o 2º dos puntos, acordándose nestas condicións, en consecuencia:

1º. Adherirse o Concello de Ribadeo ao Grupo de Acción Costeira “A Mariña-Ortegal” solicitando a adquisición da condición de membro da mesma pola maioría absoluta legal a que se refire o artigo 47.2 g) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, conforme aos Estatutos aportados que foron aprobados con data 27 de setembro de 2008.

2º. A designación de representante titular do Alcalde-Presidente do Concello don Fernando Suárez Barcia e como suplente o portavoz do Grupo Municipal Popular don José Carlos Rodríguez Andina.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

### **MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE REDACCION E APROBACIÓN DUN PROXECTO COMPLEMENTARIO PARA A ATALAIA.-**

Por parte do Sr.Pérez Vacas, portavoz do PSOE, se manifesta que hai un asunto que é de interese xeral do Concello que quere propoñer para que vexan que non van polo desgaste do goberno e que queren plantexar con urxencia unha Moción que presentou o 14 de novembro e que non veu a sesión donde xa se ve que o diálogo e cando propón o Alcalde e non os demais:

O Sr.Pérez Vacas pasa a manifestar que a urxencia da Moción é respecto ás obras que se están facendo pola Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, en Porcillán, cunha ampliación para a aprobación dun proxecto complementario que inclúa o desbroce do acantilado, en busca de que se poidan descubrir restos da muralla de Ribadeo , como quedou xa demostrado co informe de arqueoloxía de que dispón o Concello realizado no ano 2004 a raíz das obras de alumeado de a Atalaia, e que daquela a

Consellería de Cultura rexeitou por falta de fondos aínda que deixaba aberta a porta de que probablemente poideran existir ahí eses restos; prosegue sinalando o Sr.Pérez Vacas que a Mocion non representa coste algún para o concello e que o que se pretende é que se continúe co investimento pola Dirección Xeral de Costas.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que respecto á cuestión de urxencia,por parte do BNG non hai problema en debatila, pero que se presentou o 14 de novembro e non lle parece que transcurrira tanto tempo e ao día de hoxe aínda hai mocións presentadas polo BNG cando gobernaba o Partido Popular hai anos, e tamén cando era Alcalde o Sr.Pérez Vacas había mocións que tardaron tres , catro ou sete meses en tratarse, pero que se ten interese, por parte do BNG non vai haber problema.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular, manifesta que tendo en conta que as obras están en marcha, tampouco se pode demorar calquera tipo de estudio que se vaia facer , e a pesar de que o Grupo do Partido Popular ten dende o 14 de novembro algunha presentada que tampouco foi a Pleno , aceptan a urxencia da Moción.

O portavoz do Grupo municipal de UPRI, pola súa parte sinala que tamén aceptan a urxencia, aínda que tamén teñen mocións presentadas que tampouco viñeron ao Pleno, pero eso será obxecto doutro día e outro cantar e que non teñen inconveniente en votar a favor.

De seguido, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase a apreciación da urxencia do asunto e a subseguinte inclusión na orde do día:

Obra sobre a mesa a Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista , que se transcribe de seguido:

“MOCION.- Que presenta o Concelleiro DON BALBINO E. PÉREZ VACAS, portavoz do Grupo Municipal do PSG-PSOE no Concello de Ribadeo, ao PLENO MUNICIPAL,

A Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente adxudicou recentemente as obras do elevador que comunicará o Paseo Marítimo Alfonso D. Rodríguez Castelaio Atalaia, proxecto denominado Conexión e accesibilidade entre o casco histórico e o borde litoral”.

Iniciadas as labores de desbroce e limpeza no lugar de ubicación comprobouse a existencia de importantes restos arqueolóxicos procedentes ou ben da antiga Muralla da Vila ou probablemente do baluarte da Atalaia, construído no século XVI, e do que proceden precisamente as dúas pezas de artillería situadas nas inmediacións dos vestixios agora descubertos. Compre lembrar igualmente que hai poucos anos marzo de 2004, e con ocasión da realización do proxecto do Plan de Dinamización Turística de Ribadeo “Iluminación do talud da Atalaia”

puxéronse ao descuberto outros restos, nesta ocasión máis próximos á parte do acantilado que daba á desaparecida Cova da Vella.

Consideramos non somentes que é preciso recuperar tais restos. senon tamén consolidalos, para garantir a súa permanencia, no convencemento ademais de que constituirán un interesante complemento da obra prevista precisamente no aspecto de recuperación do bordo litoral e da súa posta en valor.

Así pois, sométese á consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA:

1º. Solicitar da Dirección Xeral de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente, a redacción e aprobación dun proxecto complementario que inclúa:

- a) A limpeza e desbroce de todo o acantilado da Atalaia.
- b) A consolidación de tódolos restos existentes que se poñan ao descuberto, co fin de evitar a súa perda, tendo en conta as actuacións previstas ao construírse o elevador.

2º. Poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a existencia e antecedentes dos restos agora descubertos.”

Intervén o Sr.Pérez Vacas, do Grupo municipal Socialista, que manifesta que dada a información que se contén no preámbulo da Moción, a urxencia ven dada polo inicio das obras de conexión entre o bordo litoral e o casco histórico, e isto ven a ser unha ampliación que se lle pide á Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente para que acometa un proxecto complementario que poida incluír a limpeza e desbroce de todo o acantilado da Atalaia, e a consolidación de tódolos restos existentes que se poñan ao descuberto co fin de evita-la súa perda, tendo en conta as actuacións previstas ao construírse o elevador; manifesta tamén que o segundo punto , igual de importante, é que se poña en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a existencia de antecedentes dos restos agora descubertos.

Repite o Sr.Pérez Vacas, que no ano 2004, cando foi motivo doutra obra a Delegación Provincial de Cultura enviou a supervisar os restos achados a un arqueólogo e dende aquela está pendente de financiamento a posibilidade de que se faga este traballo, que vai representar un custo cero para o Concello e será unha cuestión importante para continuar poñendo en valor unha zona moi importante dentro do que é o aspecto cultural da Vila.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo municipal popular, dí que están de acordo en que se faga este desbroce e se se lle permite a broma ao mellor teñen sorte e aparece a muralla e non se pode facer o ascensor.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI dí que tampouco teñen inconvincente en que se faga , aínda que coincide co portavoz do Partido Popular, en que a ver se teñen sorte e non se fai o ascensor, e que tampouco lles parece que é un gasto que se tivera que ter feito, e os cartos se poden destinar

a outros investimentos, pero visto o que se ten e que non poden dar marcha atrás votarán a favor.

Por parte do Sr.Alcalde se dí ao portavoz do Grupo socialista que se lle permite unha maldade o portavoz do PSOE, parece que nese pacto que teñen, tamén hai fisuras; intervindo a continuación o Sr.Rivas Alvarez que dí que o que falou de pacto foi o Sr.Alcalde, e por éste se lle replica que nada mais que colleu o guante.

De seguido, polo Pleno municipal, tras deliberación, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. Solicitar da Dirección Xeral de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente, a redacción e aprobación dun proxecto complementario que inclúa:

- a) A limpeza e desbroce de todo o acantilado da Atalaia.
- b) A consolidación de tódolos restos existentes que se poñan ao descuberto, co fin de evitar a súa perda, tendo en conta as actuacións previstas ao construírse o elevador.

2º. Poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a existencia e antecedentes dos restos agora descubertos.”

### **2010/10/10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

#### **Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior:**

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que existen unhas preguntas pendentes do Pleno anterior que vai proceder a contestar.

En relación coa pregunta do Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, sobre a canto ascenderon os ingresos de ocupación de espazos públicos no ano 2008 se contesta pola Alcaldía que segundo os datos de Intervención no ano 2008 recadaronse 93.623,87 euros.

En relación a outra pregunta pendente formulada polo Sr.Lopez Pérez, do Grupo municipal socialista respecto á situación xurídica de legalidade da licenza de Mármoles y Granitos, por parte do Sr.Alcalde se contesta que houbo unha Sentenza do Tribunal Supremo do mes de xuño de 2008 que foi notificada o 12 de novembro de 2008 e que no fallo desestima o recurso de reposición interposto pola empresa Mármoles y Granitos e procedéndose pola Alcaldía á lectura do fallo de referencia.

Toda vez que así se pide pola Alcaldía, por Secretaría se explica sucintamente que houbo uha primeira sentenza favorable ao Concello en relación a un

recurso interposto fronte a unha resolución do ano 2001 de licenza do Xulgado do Contencioso de Lugo e posteriormente unha Setenza revocatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 22 de xuño de 2006 e un recurso ao Tribunal Supremo que confirmou a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por parte do Sr.López Pérez se manifesta que entende que polo tanto está nunha situación de ilegalidade, contestandose pola Alcaldía que está obrigado a executar a sentenza nos propios termos da mesma.

Por parte do Sr. López Pérez, se manifesta que polo que se informou por Secretaría se entende que é unha situación de ilegalidade.

Respecto a outra pregunta do Sr.López Pérez, do PSOE, sobre se houbo algunha orde de control relativa ao funcionamento desa empresa coas portas abertas dirixida á Policía Local no último ano, o Sr.Alcalde contesta que foi avaliado por parte dos técnicos n o ano 2008 aínda que no ano 2007 en virtude de moitos informes deu lugar a imposición dunha sanción importante e no 2008 agás erro ou omisión hai 13 informes de control.

En relación a unha pregunta pendente de contestación do Sr.Pérez Vacas, respecto ás ocupacións de vía pública. Polo Sr.Alcalde se procede a explicar o procedemento que se sigue coa dilixencia de impulsión de Alcaldía e Secretaría, o informe da Policía Local e a resolución de autorización e a liquidación da taxa, así como os casos en que se fai directamente por informe da Policía Local, e neste caso se a solicitude non a fai a Policía Local de oficio pode informar e se resulta que é favorable se procede á liquidación de taxas e autorización.

A continuación por parte do Sr.Alcalde en relación a unha pregunta formulada polo Sr. López Pérez respecto a sinalización horizontal da rúas Paco Lanza e Alfredo Deaño se era correcta e sinalando a problemática por parte do Sr.Alcalde se manifesta que evacuado informe da Policía Local haberá que refacer parte da estrutura pintada e facelo doutro xeito, e que como van actuar nese entorno agora ou con fondos estatais ou coa eliminación de barreiras arquitectónicas en breve será estudado para corrixilo.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se sinala á Alcaldía que lle quedan dúas preguntas sen respostar que recorde, e que a primeira delas se refire á que formulou o Concelleiro no uso da palabra do número de turistas durante a época estival procedentes de América do Sur e concretamente do Uruguay e a segunda respecto á recadación do mercado semanal dende 1 de xaneiro de 2008 ata o Pleno de referencia.

Contestase por parte da Sra. Interventora que foi preguntado no Pleno pero presentouse por escrito unha solicitude mais ampla e que ese informe o rematou hoxe e mañá o terán.



O Sr.Rivas Alvarez, contesta á súa vez que lle aforran a seguinte pregunta, xa que ía preguntar cando lles ían dar a documentación completa que solicitaran e iso xa lle exime de respostar.

### **Rogos e preguntas novos:**

#### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal de UPRI.-**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se formula o rogo de que a empresa que leva a cabo a desratización, a empresa SANAL pide que vaia aos Centros de Ensino, e que é un tema sensible polo que xa lle dirá pormenorizadamente a cales ten que ir e que se dirixiron a el dun Centro de ensino e pide que llo digan a SANAL.

O Sr.Cupeiro Rodríguez , concelleiro delegado de Medio Ambiente contesta que pode ser un perigo botar raticida no Centro público ao que contesta o Sr.Rivas Alvarez que o poden botar nos sumidoiros ou no entorno.  
Por parte do Sr.Alcalde se contesta que xa llo comunicou un Centro de ensino e que ordenou chamar a SANAL para que no sitio concreto extremen a vixilancia respecto á utilización.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez tamén se formula unha nova pregunta e rogo relativo a unha antena existente en Santa Cruz , que manifesta que é unha instalación aberta e que ten unha escaleira de 45 mts. e pide que se mire se ten licenza e que se valle, porque pode ser un risco para a xente e os cativos.

A pregunta que formula é se ten licenza e o rogo é que se valle ou se mande vallar.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto ás débedas do Concello coa Comunidade de Montes veciñais en man común de Ove e pide que se lle informe por Intervención dos distintos conceptos.

Formúlase a continuación unha nova pregunta respecto á reunión celebrada en A Fnsagrada, dos Concellos da Reserva da Biosfera, preguntando quen acudiu, xa que non viu na foto ao Sr.Alcalde, e que lle parecía raro.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que efectivamente estivo na reunión e respecto a que non o viu na foto, ironiza, manifestando que debe estar xa cheo de fotos.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que viu nos Decretos o remate dos expedientes dos edificios das baixo-cumbreiras e pregunta para cando se van a dar as licenzas de 1ª ocupación, tendo en conta que puxeron unha data de ata o 17 de xuño , e se se poden dar ou cando se poderán dar, e que a xente afectada, non lle para de preguntar.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que non se variou nada e simplemente houbo unha serie de escritos de alegacións, deses presuntos infractores, ( corríxese o Sr.Alcalde e dí que presuntos non, que segundo os informes técnicos son infractores), pero que tampouco aceptaron ises expedientes e fixeron recursos , e houbo que resolvelos e estudialos e están sendo avaliados ou remataron de telo sido fai pouco tempo, e que a idea é de manter o esquema de traballo que tiñan perfilado entre todos os grupos.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte dí que no esquema estaban de acordo pero se fixou unha data non mais alá do 17 de xuño e logo chega a xuño do ano seguinte e segue na mesma situación e que entende que se hai un remata dos expedientes e que se poden dar as licenzas, que non se sabe se pode facer, se se poidera facer o antes posible para sacar este tema adiante e pasar a outra cousa.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta ao Sr.Rivas Alvarez que non se preocupe que o farán entre todos , como pactaron entre todos e absolutamente entre todos, e que cando convoquen non se preocupe en absoluto por iso.  
O Sr.Rivas Alvarez replica que preocupar él preocúpase.

A continuación por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que no presuposto do ano 2008 había unha consignación de 30.000 euros para obras de acceso ás vivendas para completar-los accesos que iniciara na súa época o Partido Popular e que foi unha das propostas que fixeron para o presuposto e pregunta que trámites teñen que face-los veciños para que se execute, ou completen ou se faga algunha.  
O Sr.Alcalde lle manifesta que no seguinte Pleno se contestará.

Formula a continuación un rogo o Sr.Rivas Alvarez de colocación de sifóns na rúa Suso Peña dunha vez dous ou tres sifóns xa que hai un cheiro que resulta molesto para os veciños.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que xa se falou algunha vez e que aquela urbanización foi recibida hai unhas anos co voto en contra do BNG por deficiencias que vai ter que resolver o Concello e que lle correspondía ao promotor, e que se estudiará o rogo.

O Sr.Rivas Alvarez, contesta que xa se lle dixo, que o entende pero que os veciños non teñen culpa ningunha e se lle dixo que se lle aceptaba o rogo no Pleno pasado e pide ao Alcalde que non falte á súa palabra.

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez se se fixo algunha reunión da comisión de seguimento da Axenda 21 Local.

Contesta á pregunta o Sr.Cupeiro Rodríguez, concelleiro Delegado de Medio Ambiente que manifesta que dentro do núcleo de sostibilidade, tanto a Axenda Local 21 municipal como escolar vanse levar a cabo directamente dende a

Xunta cando empecen co núcleo e unha das cousas que se van desenvolver precisamente.

O Sr.Rivas Alvarez á súa vez contesta que se alegra de que se remate porque é un documento que leva xa tempo ahí.

A continuación por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que aínda que sabe que hai unha Moción presentada polo Grupo Socialista pola preocupación existente pola liña de alta tensión de Ove que o Sr.Alcalde dixo en días pasados que tiña 132.000 voltios se podía dicir se é unha liña de alta tensión e en que grupo dos distintos existentes se sitúa.

O Sr.Alcalde contesta que non é enxeñeiro; por parte do Sr.Rivas Alvarez se sigue manifestando que supón que alguén lle poderá explicar o tipo de liña que é e por parte do Sr.Alcalde se manifesta que polo que lle teñen dito en BEGASA e na Consellería de Industria cando se debatiu para tratar aquel protocolo asinado falaban de 132.000 voltios ou 132 Kv. pero non lle pode , neste momento, dicir moito mais.

A continuación por parte do Sr.Rivas Alvarez se sinala que non pensaría o Alcalde que se ía esquecer da pregunta que lle fai en todos os plenos sobre a rúa San Lázaro e Deputación.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que ten unha novidade pero o día que empecen as obras vai sacarse un bo peso de enriba. Que en relación a estas obras estivo moi contento porque no seu momento o Xacobeo asumiu o cento por cento do financiamento da obra en vez de en parte como resulta habitual, pero a empresa adjudicataria das obras non funcionou ben e existiron problemas tamén de proxecto coa empresa, de rescisión de contrato, tivo que elaborarse outro proxecto, corrixiuse e levarse a cabo a tramitación e fai unhas días se lles comunicou que faltaba unicamente a aprobación da Xunta de Goberno que se vai levar a cabo mañá na mesma Xunta de Goberno que aprobe os proxectos estatais e a continuación enviarase o acordo ao Xacobeo.

A continuación se formulan unha pregunta polo Sr.Reymondez Gancedo, do Grupo municipal de UPRI, respecto a se as obras do parque de indianos están rematadas.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que sí, pero que na reunión da Reserva da Biosfera lle preguntou ao Delegado da Consellería de Medio Ambiente que é a que executa esa obra ao 100 % se está rematado, porque non se pode abrir e respostouselle que están agardando pola inauguración do conselleiro.

O Sr.Reymondez Gancedo, manifesta que a segunda pregunta era se ían agardar ás eleccións para inauguralo e o Sr.Alcalde lle contesta que non sabe porque o Conselleiro non é do seu Grupo e que lle pode preguntar a aquel Grupo co que ten fisuras de actuación (en referencia ao Grupo municipal Socialista).

A continuación por parte do Sr.Reymondez Gancedo se pregunta a que se debe o retraso da rúa Calvo Sotelo, e o Sr.Alcalde lle contesta que non sabe se

é que lle quere buscar tres pes ao gato, pero a cuestión é que choveu un mes practicamente seguido e das rúas que se executaron e se executarán agás en contadísimas ocasións se poido camiñar pola rúa e se reanudaron as obras o día despois do Nadal que van a bo ritmo e non lle encontra ningún outro problema.

A continuación o mesmo Sr.Reymondez Gancedo pregunta se se fixo por parte da Alcaldía algo para a execución da Sentenza firme de derrudo de parte dun inmovible na rúa Irmáns Moreno Ulloa, contestándose pola Alcaldía que sí porque está amenazado de imputación penal se non executa a Sentenza, pero que non por responsable o Alcalde desa cuestión, senon por se-lo Alcalde actualmente e ten a responsabilidade de executalo.

Formula a continuación o Sr.Reymondez Gancedo unha pregunta a que manifesta se ve obrigado a presentar por unha farola sobre a que xa se interesou fai un ano en Porto de Abaixo e pasou o tempo e non se amañou e se ve obrigado pola insistencia dos veciños, que pode que non sexa o momento pero que ten que preguntar.

O Sr.Alcalde pregunta se se trata dunha farola fundida e o Sr. Reymondez Gancedo dí que se trata da bombilla, e o Sr.Alcalde dí que lle quere facer dúas recomendacións, xa que non é responsabilidade do Alcalde se se funde unha bombilla repoñela e se se adica a iso van dicir que non se ocupa doutra cousa e que lle diga ao veciño que aparte de queixarse que chame ao Concello e que deixe recado de que hai unha luz fundida.

O Sr.Reymondez Gancedo pola súa parte contesta que xa o fixo fai un ano. O Sr.Alcalde pregunta se o electricista non foi e que terá que ver se non funcionou o canal de comunicación, porque dende que se comunica en dous ou tres días tería que ir o electricista.

O Sr.Reymondez Gancedo formula o rogo de que se faga a reparación.

A continuación por parte do Sr.Reymondez Gancedo se pregunta donde está o camiión vello do lixo e se está operativo ou de baixa.

Contesta o Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado de M<sup>o</sup> Ambiente que o camiión vello está no punto limpo e que todos saben que teñen dous camiións de lixo funcionando e o camiión vello leva tempo obsoleto e está no punto limpo, e que ao mellor tiña que ser vendido para chatarra pero ahí está, e que xa está dado de baixa.

O Sr.Reymondez Gancedo dí que hai xestores autorizados para ese tipo de material e que estivo dous meses diante do cemiterio de Ove.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, lle contesta que o primeiro que hai que facer é informarse antes de facer unha pregunta deste tipo porque o camiión ao que se

refire o Concelleiro preguntante non é do Concello, é de Urbaser, e non ten nada que ver o camión municipal con ese.

Pola súa parte o Sr.Reymondez Gancedo dí que xa o sabe pero o Concelleiro ten que saber tamén que o ten diante do cemiterio, e en referencia ao camión do lixo do concello pensa que ten que estar nun xestor autorizado dese materiale non no punto limpio.

O Sr.Alcalde manifesta que está de acordo e que ten razón.

### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal Socialista.-**

Por parte do Sr.López Pérez, do Grupo municipal socialista se manifesta que quere formular un rogo e que é que antes do remate das obras de Amando Pérez, que se controle como están quedando e que se repoñan as soleiras de cantería que se romperon en moitas vivendas na zona antiga, e que dende o “calexón dos perecitos” se pode ver como queda Amando Pérez, e parecen dunas e roga que se controle por quen lle corresponda como vai quedar.

Formula asimesmo un segundo rogo o Sr. López Pérez en relación á praia de Rocas Blancas e pregunta qué medidas se van a tomar a tenor da situación existente con Costas, TRAGSA, etc. polos derrubamentos producidos.

O Sr.Alcalde contesta que contactou tanto con Costas como con TRAGSA, que estivo “in situ” o Delegado de Costas e dixo que había que deixalo así durante o inverno e supón que para o verán farán a labor de eliminar esa pedra e adecentalo pero pon o exemplo de que en relación a acantilados se efectuaron peticións a Costas e non as aceptou e que é un tema de competencia de Costas e Costas ten que decidir, aínda que pensa que o mellor é que se arranxe.

O Sr.López Pérez reitera que a temporada estival está próxima e existe un perigo de derrubo e a situación é perigosa.

Asimesmo por parte do Sr.López Pérez se formula un rogo en relación á Estrada denominada “dende Obras Públicas e Cargadoiro ao Faro” sinalando que está gravemente deteriorada a altura do lugar denominado “ eucaliptos de doña Elisa” e pensa que é competencia da autoridade Portuaria de Ferrol San Ciprián, e que en calquera momento xa non se pasa.

Iniciase unha deliberación entre o Sr.Alcalde e o Sr.López Pérez sobre a denominación e a titularidade da parcela denominada dos “eucaliptos de dona Elisa” toda vez que se retirou un banco que logo se repuxo, e sobre se o Alcalde é natural de Ribadeo como o Sr.López Pérez ou non, respostando o Sr.Alcalde que leva trinta anos na localidade.

O Sr.López Pérez conclúe formulando o rogo de que se pida que se arranxe esa estrada.

A continuación por parte do Sr.López Pérez se manifesta que hai xente que lle dí que á altura da casa de Calvo Sotelo está deteriorado e inaxeitado o viario e que lle corresponde a Portos de Galicia.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que avisou de xeito reiterado a Portos de Galicia e primeiro lle dixeron que sí, logo que chovía e ao final lle puxeron un pouco de zahorra, pero non quedou ben e non se queda corto se dí que lles pediu cinco veces no último mes e medio que o arranxaran, e incluso lles pediu que non rebachearan senon que puxeran un parche ou remendo grande porque senon sempre se está igual, e lle dixeron que sí.

O Sr.López Pérez lle contesta que non dubida da palabra do Alcalde aínda que o Alcalde dubide da súa, extremo que é negado polo Sr.Alcalde.

O Sr.López Pérez fai asimesmo unha mención a que non lle vai recordar o rogo relativo á zona de Obras Públicas que ten formulado.

Tamén polo Sr.López Pérez se formula o rogo de que por favor se executen os rogos que se lles aceptan porque dos últimos aceptados como os da Praza do Valenciano, rua San Miguel, rúa da Casa do Pobo ou Paco Lanza non se executou ningún, e que non pretende que se executen ao día seguinte pero dende o 17 de novembro non executou ningún e pode comprobalo, e o rogo que lle formula é que se execute.

O Sr.Alcalde á súa vez contesta que non quere dubidar da súa palabra, pero sempre que se aceptan rogos de traballos que corresponden á brigada de obras ou de Medio Ambiente os transmite para que se fagan pero que deberá revisar en adiante que se fagan, que pensan que están feitos e a ver que explicación lle van a dar e algúns poden estar feitos e o Sr.López Pérez non se deu conta pero non vai cuestionar a súa palabra.

O Sr.López Pérez manifesta que non están feitas e o comprobou hoxe mesmo.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas, igualmente do Grupo Municipal Socialista, que formula as seguintes preguntas:

A primeira é se pode explicar o Sr.Alcalde que solución se lle vai dar ás obras pendentes de rematar da estrada do cemiterio que están dende mais dun ano totalmente abandonadas as de colocación do alumeadado.

O Sr.Alcalde contesta que nesta semana se empezarán a poñer.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr.Pérez Vacas sobre un escrito solicitando información, de 163 veciños, sobre unha liña de alta tensión, e que se recolleu unha información súa nos medios de comunicación de que agardaba que chegara o antes posible a información sobre ese paso e pregunta se sabe ou non algo desa obra.

O Sr.Alcalde contesta que no que se refire ao trazado da liña non hai proxecto e na Consellería de Industria lle dixeron, como organismo que o ten que

tramitar, que non lles constaba que entrara pero por contacto verbal de BEGASA lles dixeron que estaban a punto de entregalo na Delegación da Consellería.

### **Rogos e preguntas do Partido Popular.-**

Por parte do Sr.López Penabad do Grupo Municipal Popular se formula un rogo de que dada a climatoloxía que se está a vivir, que se retiren as terrazas das catro calles por parte dos propietarios dos establecementos xa que o único que fan é estorbar.

Igualmente formula o rogo como reiteración de que se repoña o espello que hai no cruce entre Camilo Barcia e Rosalía de Castro que segue sen cambiarse.

O Sr.Alcalde contesta que xa chegou a semana pasada e aínda non deu tempo a poñelo.

A continuación intervén a Sra.Sanjurjo Santar igualmente do Grupo Municipal Popular que manifesta que nun anterior Pleno formulou un rogo relativo á reparación de estradas e se decía que se ía facer un informe e mandalo e pregunta que se fixo ao respecto.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que mandou o informe á Deputación e no que ten que ver coa Deputación mandaron un escrito ao departamento de Turismo que leva a Vicepresidencia terceira para pedirlle axuda económica para as parroquias polas que discorre o camiño norte de Santiago para que lles deran unha axuda para proceder á actuar con motoniveladora, paleadora, para limpeza de gavias, etc. e lles dixeron verbalmente que lles ían atender a petición e que dentro dunhos días asinarían un convenio de colaboración e non sabe nada mais de se a petición se estimará en todo ou en parte.

Que igualmente no que ten que ver coa outra parte da actuación da Deputación, do Servizo de Obras que leva a brigada de obras, que depende directamente do Presidente, mandoulle un estudio do resto de parroquias que tiñan camiños estropeados e pediúselle que lles trouxeran a brigada provincial de obras con maquinaria e lle contestan afirmativamente pero lle dixo que tiña que vir o Presidente a Ribadeo.

O Sr.Alcalde lle dixo que tiña a porta aberta e que está agardando a que veña.

A Sra. Sanjurjo Santar manifesta que se retirou xa a roupa existente no aparcadoiro pero que na esquina de Ramón González hai unha selva cunha gran poboación de roedores, que campan ás súas anchas. O Sr.Alcalde contesta que maña mesmo ordeará aos propietarios que o desbrocen.

Formula tamén unha pregunta a Sra.Sanjurjo Santar sobre se vai haber horas para os colexios na piscina municipal como en anos anteriores, contestándose afirmativamente polo Sr.Castro Reigosa.

Asimesmo pola Sra.Sanjurjo Santar se interesa que se resolva a cuestión dos contenedores existentes na rúa José Vicente Pérez Martínez, fronte a un edificio vermello, xa que hai un cheiro que apesta. Igualmente se manifesta pola Sra.Sanjurjo Santar que os contenedores que están mais perto da rúa San Francisco ao saír de Reinante quitan moita visibilidade, cerca de Tecidos Vicente e non se ve nada , e pide que se mova un pouco o contenedor.

Deliberase a continuación entre a Sra.Sanjurjo Santar e o Sr.Concelleiro de Medio Ambiente, intervindo outros Concelleiros sobre un eventual arranxo do termómetro existente nas inmediacións da Praza de Abastos, manifestándose polo Sr.Alcalde que non pode ser arranxado pola súa obsolescencia e que se plantexou a súa retirada pero tamén ten un aspecto ornamental, coas fotos que ten.

O Sr.Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, manifesta que trata de aforrarlle cartos ao concello e fai referencia a que diante da “ cafetería O Chollo” hai unha loseta levantada e que pode causar danos.

Asimesmo o Sr.Duarte Díaz fai referencia a que nas rúas semipeatonais, se abusa do paso alegremente por algunhos conductores de vehículos, facendo referencia ao risco de atropello, e que coñeceu, o caso dunha señora atropelada por unha motocicleta ocupada por dous rapaces, diante de Divafruit, e aínda que foi ocasional pode ocasionar danos e pide que se controle por parte da Policía Local.

Asimesmo por parte do Sr.Duarte Díaz faise referencia á problemática derivada do aparcamento na zona azul e se manifesta que hai unha cousa pendente que se debe solucionar que é a forma de que os visitantes, sobre todo polas tardes e que non teñen os discos de aparcamento , que se faciliten ou en locais cercanos ao aparcamento en sí ou se vaia a un sistema de parquímetro pagando na situación de que os que teñen o disco non teñan porque pagar e así unicamente para que os que veñen de fora saiban que teñen dúas horas de aparcamento ou unha hora e media, segundo se poña.

Prosegue sinalando o Sr.Duarte Díaz que hai que mirar se é o mais productivo colocar en sitios visibles a información de donde se pode obte-lo disco, xa que sabe de xente que veu a Ribadeo e que tivo problemas e coñece un caso dalgún que deixou unha nota pedindo que non se denunciara porque non sabe donde conseguir o disco de aparcamento e que non da imaxe dun pobo moi turístico.

O Sr.Alcalde manifesta que é que quere contestar ao rogo xa que se dan varias circunstancias , e que é certo o que se dí pola tarde xa que pola mañá en horario administrativo sempre hai garantía de que no Concello hai discos que se dan gratuitamente a quen o pida e ese é o sentido que ten e se copiou directamente doutros Concellos aínda que sabe que a maneira máis cómoda sería eliminar os discos e poñer máquinas de pago, sexa a cantidade que sexa,



pero con disco ou con máquinas de pago eso vai xenerar outro problema no comercio desa zona de que ahí hai que pagar e non noutras zonas urbanas.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que xa sabe que moita xente o comenta alegremente ese aspecto de que se poña de pago e está convencido de que o concello nalgún momento sexa neste mandato ou no próximo o fará e será un tema polémico; respecto á cuestión dos discos xa se tratou e ACISA editou xunto co Concello unha serie de discos, pero o Concello non ten a capacidade nin debe editar discos por toneladas porque non é así e ten que garantir que haxe discos pero non deixar 5.000 discos nunha tenda, nin de que en quince días volten os da tenda a dicir que queren mais discos, que iso non pode ser; que se lle dixo á ACISA que podían editalos eles ou os asociados.

Repite o Sr.Alcalde que hai garantía en horario administrativo de poder retirar os discos e que tamén ten unhas lotes a Policía Local que patrulla por ahí.

E respecto ao que pasa pola tarde se esa persoa non ten o disco que vaia aparcar á Avda. de Galicia ou ao aparcamento, pero non pode ser que o Concello edite continuamente discos que costan cincuenta céntimos e non lles parece adecuado, e que se se quere que se avalíe calquera día a cuestión das máquinas de pago que se compran, emiten un tique e santo remedio, pero despois vai escoltar a contrarréplica , pero cando queiran abre o debate.

O Sr.Duarte Díaz, pola súa parte, replica que non vai polos derroteiros que vai o Alcalde e que instalouse un xeito de aparcamento que o ve razoable aínda que haxa como en toda-las cousas críticas e é humano, pero Ribadeo é un pobo que en verano viu moitas veces a persoas buscando unha máquina expendedora e que os cidadáns de Ribadeo pagan aquí os seus impostos e non hai que gravalos mais, pero para os que veñen de fora que teñan un parquímetro como nas capitais e que non pasaría nada, e que poden convivir as dúas cousas, pero hai que resolver a cuestión de que a xente poida sacar o disco ou un tique e ise é o tema.

Volta a deliberarse sobre a cuestión e o Sr.Alcalde dí que cre que o máis cómodo é o parquímetro se están dispostos e a solución é que agora dinamizouse esa zona moito mais; que noutras cidades cando se puxeron os parquímetros se rexeitaba e agora os asumen e que como goberno prefire quedarse nesta situación e que non quixeron ser mais ambiciosos pero o poden revisar.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr.Duarte Díaz sobre se se pode saber cando vai funcionar a célebre fonte do parque.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que se é sincero estaban agardando pero xa está todo listo e despois de varios infortunios e ordes e de que se perdera un boletín de enganche, pediuse un novo, e xa se tén e é cuestión de que BEGASA a dote de enerxía.

O Sr.Duarte Díaz pregunta se a fonte vai ser luminosa, contestándose por parte do Alcalde que se descoñece.

O Sr.Duarte Díaz fai tamén referencia a que fronte ao cine Teatro hai mais losetas descolocadas e de paso que se arranxa outra á que fixo mención pide tamén que se arranxen éstas.

Formula o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, unha petición á Alcaldía de que se lle traslade , como rogo, un informe sobre os niveis de execucion do presuposto do capítulo 6º de Investimenos fundamentalmente do exercicio de 2008 non para mañá nin o luns que ven pero próximamente.

O Sr.Alcalde manifesta que acepta o rogo.

E sen mais asuntos que tratar sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,